

*Proxecto de Decreto __/2023, polo que se desenvolve o Título II
da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia*

A Constitución española, no seu artigo 48, sinala que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.19 que lle corresponde á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de fomento da cultura en Galicia, no artigo 27.22 a promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio, e no artigo 27.24 a promoción do desenvolvemento comunitario.

Por outra banda, o Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario procede a realizar o traspaso, entre outros, da dirección e xestión e, de ser o caso, a titularidade das instalacións comprendidas na rede nacional de albergues xuvenís, residencias xuvenís, campamentos e campos de voluntariado. Estas competencias foron asumidas polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, sobre asunción de competencias en materia de cultura.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no eido da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Tras a regulación sectorial de distintos ámbitos en materia de xuventude a través de varias disposicións normativas, o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude agrupou e refundiu nun só texto normativo as diversas disposicións na materia, cunha labor de racionalización normativa que favoreceu a seguridade xurídica.

Pola súa parte, a Comunidade Autónoma de Galicia exerceu a responsabilidade de harmonizar a súa lexislación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, nun proceso de harmonización normativa que afectou tamén aos procedementos e autorizacións en materia de xuventude, e que deu lugar á publicación do Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

Finalmente, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº139, do 20 de xullo de 2012, de xeito que a nosa comunidade autónoma cumpriu co compromiso coa sociedade en xeral, pero especialmente coa mocidade, que merecía ter unha norma con rango legal dedicada especificamente a tratar os problemas e inquedanzas máis comúns da nosa xuventude. Esta aprobación constitúe un gran impulso normativo en materia de xuventude pola súa importancia transversal no resto de políticas públicas que executan as administracións públicas galegas.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, foi modificada nalgúns aspectos a través da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificación destinada a lograr unha maior precisión na delimitación do ámbito de aplicación, así como na terminoloxía empregada polo texto legal.

O compromiso do goberno galego de seguir afondando na solución das cuestións máis relevantes para a mocidade galega plásmase agora na aprobación deste decreto, que, logo da regulación do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia a través do Decreto 57/2014, do 8 de maio, pretende desenvolver dun xeito integral os servizos á xuventude regulados no Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, nomeadamente a información xuvenil a través da Rede Galega de Información Xuvenil, a formación das persoas educadoras no tempo libre infantil e xuvenil a través da Rede de Escolas de Educación no Tempo Libre de Galicia, as actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, as instalacións xuvenís e os carnés de servizos á xuventude.

O presente regulamento ten en conta a vixente ordenación do Sistema de Formación Profesional e a regulación dos certificados profesionais, e recolle as implicacións derivadas da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado no referente ao inicio das actividades e o seu réxime de control.

Así mesmo, o presente regulamento remata coa situación transitoria e de interinidade que supón a regulación da materia por unha normativa previa á aprobación da norma con rango legal, e que mantña a súa vixencia con base no apartado 2 da disposición derogatoria única da lei, o cal dispón que "en tanto non entre en vigor a normativa de desenvolvemento desta

lei, resultarán aplicables o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, así como o decreto da súa adaptación á directiva de servizos, en todo canto non se opoña ao establecido nesta lei".

A norma consta dun total de 91 artigos, articulados nun título preliminar, que aborda a regulación das disposicións xerais relativas ao ámbito de aplicación, a comunicación previa e a declaración responsable para a prestación de servizos á xuventude, e cinco títulos máis.

O Título I actualiza a normativa vixente en materia de información xuvenil, ordena a Rede Galega de Información Xuvenil e revisa a regulación dos distintos servizos que a conforman, establecendo os requisitos que deben reunir, o procedemento de integración na Rede e as titulacións das persoas que desenvolven accións neste ámbito, entre outros aspectos.

O Título II desenvolve regulamentariamente as previsións do Capítulo III do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, dedicado á formación das persoas educadoras no tempo libre infantil e xuvenil, actualizando o procedemento de inicio de actividade para a prestación de servizos de formación como escola de educación no tempo libre e establecendo os requisitos de espazos, medios materiais e educativos das escolas, así como do seu persoal.

O seu capítulo II adapta as modalidades de ensino no tempo libre á realidade da formación neste ámbito xurdida no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, substituída hoxe pola Lei orgánica

3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, pendente de desenvolvemento regulamentario.

A través do Real decreto 567/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o catálogo de cualificacións profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional servizos socioculturais e á comunidade, aprobáronse as cualificacións profesionais de dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil e dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, establecendo un marco común para a formación das persoas que traballan neste ámbito, que debe ser incorporado a esta nova norma.

Na reunión do Consello Interterritorial de Xuventude, que está integrado polo Instituto da Xuventude de España e polos organismos de xuventude das Comunidades Autónomas e das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, celebrada o 21 de xuño de 2012, acordouse iniciar o proceso de modificación das normativas autonómicas reguladoras das actividades e formación na materia de educación no tempo libre, adecuándoas á nova situación creada tras a publicación das cualificacións profesionais correspondentes no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, de tal xeito que a regulación das actividades e formación das persoas monitoras e directoras se axustase en todas as Comunidades Autónomas ao contido de ditas cualificacións.

En Galicia, de acordo con este criterio adáptanse os contidos dos cursos de monitor/a de actividades de educación no tempo libre e de director/a de actividades de educación no tempo libre ao dos certificados profesionais, co fin de garantir a calidade

da formación neste ámbito e de facilitar a mobilidade dos e das profesionais.

Así mesmo, as modalidades de ensino que impartan as escolas de educación no tempo libre conformarán un Catálogo Oficial de Formación no Tempo Libre Infantil e Xuvenil da Xunta de Galicia.

O Título III do Decreto desenvolve o capítulo IV do Título II da Lei de xuventude de Galicia, tratando de dar resposta ao reto de garantir a calidade na prestación das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, e establecendo unha nova delimitación da tipoloxía destas actividades e das que quedan excluídas do ámbito de aplicación do decreto, incorporando unha regulación minuciosa dos requisitos exixidos para estas, tanto no relativo ao persoal e persoas responsables das actividades como a outros aspectos de organización e intendencia.

Así mesmo, a nova regulación amplía os perfís dos profesionais da educación no tempo libre, recollendo tanto os certificados profesionais como outras titulacións do sistema educativo que inclúan de forma completa as cualificacións profesionais correspondentes.

O título IV incorpora unha nova regulación das instalacións xuvenís, determinando de maneira específica os requisitos de espazos e servizos que debe ter cada unha das tipoloxías recollidas, así como os dereitos e deberes das persoas usuarias destas instalacións e dedicando un capítulo á Rede de albergues xuvenís de Galicia.

O título V desenvolve o capítulo VI da Lei 6/2012, do 19 de xuño, relativo aos carnés de servizos á xuventude, incorporando

por primeira vez unha regulación autonómica para o Carné xove, como servizo á xuventude que favorece o acceso a bens e servizos por parte deste colectivo.

Completan o texto normativo unha disposición adicional, tres disposicións transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

A disposición derradeira primeira da Lei 6/2012, do 19 de xuño, habilita expresamente a Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido na dita lei.

Na tramitación e proceso de elaboración deste decreto, en aplicación do principio de transparencia, posibilitouse a participación activa das distintas organizacións, así como dos cidadáns e cidadás, en diversas ocasións, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O texto da norma é o resultado dun proceso de participación e diálogo con todos os axentes implicados a través de distintos espazos de escoita activa e traballo conxunto e da man coa Administración. Realizáronse sesións participativas abertas como sesións de traballo iniciais de presentación do borrador e de constitución de grupos de traballo, habilitouse un espazo web propio como canle de información pública, participación e testemuña do proceso, unha caixa de correos para a participación cidadá en relación coa nova normativa; celebráronse os III e IV Foro aberto do tempo libre, como espazos de toma de decisións de cara a pechar o borrador de decreto para o inicio da súa tramitación administrativa e as XI e XII edicións do Interactuando no tempo libre viñeron marcadas polo reto de

avanzar no consenso de cara á elaboración dun borrador da normativa.

De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación desta disposición axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. A súa tramitación vén precedida da consulta á cidadanía e durante a instrución deuse audiencia e información ás entidades que puiden resultar afectadas por ela. Así mesmo, solicitáronse os informes preceptivos en cumprimento do disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude, en uso das facultades atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ** de **** de dous mil vinte e **

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O presente decreto ten por obxecto o desenvolvemento do Título II da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia,

no relativo ao réxime aplicable aos servizos á xuventude no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As súas disposicións serán aplicables aos prestadores e destinatarios dos seguintes servizos:

- a) información xuvenil;
- b) formación das persoas educadoras no tempo libre infantil e xuvenil;
- c) actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil;
- d) instalacións xuvenís e
- e) carnés de servizos á xuventude.

Artigo 2. *Declaración responsable*

1. A prestación de servizos á xuventude, nos supostos de inicio de actividade e de cambio de titularidade de instalacións xuvenís, escolas de educación no tempo libre e servizos de información xuvenil, así como no de modificación substancial de instalacións xuvenís, requirirá a presentación ante o órgano de dirección competente en materia de xuventude dunha declaración responsable.

Tamén requirirá a presentación dunha declaración responsable a prestación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, sempre e cando así veña exixido en virtude do artigo 48.

2. A declaración responsable constitúe un documento subscrito pola persoa que inicia a prestación do servizo, de acordo cos modelos normalizados que figuran nos anexos I, II, III, IV e V, no cal declara baixo a súa responsabilidade:

- a) Que cumpre coa totalidade dos requisitos e obrigas establecidos nos artigos correspondentes deste decreto para prestar ese servizo ou actividade.
- b) Que dispón da totalidade da documentación exixida para o servizo ou actividade que vai prestar, especificada no artigo correspondente deste decreto en función da natureza do servizo, e que a porá a disposición do órgano de dirección competente en materia de xuventude cando lle sexa requirida.
- c) Que se compromete a manter o cumprimento dos anteriores requisitos e obrigas durante a vixencia da prestación do servizo ou actividade.

Os requisitos aos que se refire este apartado deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa na declaración responsable. A Administración poderá requirir en calquera momento que se achegue a documentación que acredite o cumprimento dos mencionados requisitos e a persoa interesada deberá achegala.

3. A declaración responsable acompañarase do documento xustificativo do pagamento da taxa correspondente.

4. Cando a presentación da declaración responsable comporte a inscrición no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, a inscrición realizarase na data de inicio da actividade e seralle notificada á persoa interesada, indicando o número de rexistro asignado, no prazo de 10 días desde que se produza.

5. Logo de presentar a declaración responsable, os órganos do departamento territorial da consellería con competencia en

materia de xuventude correspondentes procederán á súa verificación.

O órgano do departamento territorial, no suposto de detectar a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 4, porá estes feitos en coñecemento do órgano de dirección competente en materia de xuventude, que, á vista do informe presentado, incoará un expediente informativo ao titular do servizo, tramitado segundo o establecido no apartado 5 do artigo 4.

Artigo 3. Comunicación previa

1. A prestación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, nos supostos do artigo 47.1, requirirá a presentación dunha comunicación previa ao inicio da actividade ante o órgano de dirección competente en materia de xuventude.

2. A comunicación previa constitúe un documento subscrito pola persoa que inicia a prestación da actividade de educación no tempo libre infantil e xuvenil, de acordo co modelo normalizado que figura no anexo VI, mediante o cal pon en coñecemento do órgano de dirección competente en materia de xuventude os seus datos identificativos e os datos relevantes para a realización da actividade recollidos no apartado 2 do artigo 47.

Artigo 4. Aspectos comúns da declaración responsable e da comunicación previa

1. A declaración responsable e a comunicación previa presentaranse preferiblemente por vía electrónica, utilizando o

formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica de documentación. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. A presentación da declaración responsable ou da comunicación previa habilitará á persoa prestadora do servizo, para os efectos previstos neste decreto e sen prexuízo doutras exixencias legais, para o exercicio da actividade dende a súa presentación.

3. A presentación da declaración responsable ou da comunicación previa non exime do cumprimento da lexislación sectorial aplicable.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación da declaración responsable, a documentación que sexa, no seu caso, requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade dende o momento en que se teña constancia de tales feitos e a obriga de restituír a situación ao momento previo ao inicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

5. Nos supostos do apartado anterior, o órgano de dirección en materia de xuventude incoará un expediente informativo ao titular do servizo, que terá un prazo de 10 días para facer as alegacións e fornecer os elementos de xuízo que considere oportunos. Unha vez recibidos estes, o órgano de dirección competente en materia de xuventude poderá ordenar, mediante resolución motivada, que deberá ditarse no prazo de tres meses dende a data do acordo de inicio do expediente, o cesamento da actividade, temporal ou definitivamente, á vista do carácter e natureza esencial da inexactitude, falsidade, omisión ou incumprimento.

Contra a citada resolución a persoa prestadora do servizo ou actividade poderá interpor un recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da consellería competente en materia de xuventude.

6. De conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, exceptúanse da obriga de ditar resolución expresa e de notificala os procedementos relativos á prestación de servizos á xuventude sometidos ao deber de declaración responsable ou de comunicación previa.

TÍTULO I

Da información xuvenil

Artigo 5. *Da información xuvenil*

A información xuvenil é unha actividade de busca, tratamento e difusión da información, xunto co asesoramento e orientación

prestados á mocidade nos servizos de información xuvenil. O obxecto da información xuvenil é por á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións no exercicio da súa liberdade e autonomía e que fagan posible unha plena integración na sociedade.

Artigo 6. *Dos servizos de información xuvenil*

1. Terán a condición de servizos de información xuvenil aqueles que realicen a actividade de información xuvenil, definida no artigo anterior, e que sexan promovidos por organismos públicos ou entidades privadas sen ánimo de lucro, neste último caso unha vez presentada a declaración responsable, tal e como se establece no artigo 8.

2. A información que elaboren e proporcionen os servizos de información xuvenil abranguerá todos os aspectos que afecten directamente aos mozos e mozas ou aqueles que sexan do seu interese.

3. Os servizos de información xuvenil clasifícanse en:

- a) oficinas locais de información xuvenil
- b) puntos de información xuvenil
- c) oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude
- d) espazos xoves, que conforman a Rede Galega de Centros de Xuventude.

4. Unicamente poderán ser promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro os puntos de información xuvenil.

5. Todos os servizos de información xuvenil se integran na Rede Galega de Información Xuvenil.

Artigo 7. A Rede Galega de Información Xuvenil

1. A Rede Galega de Información Xuvenil é un servizo público e gratuíto, dependente do órgano de dirección competente en materia de xuventude, estruturado territorialmente, que articula e coordina as iniciativas promovidas polos servizos de información xuvenil.

2. Son obxectivos prioritarios da Rede Galega de Información Xuvenil os seguintes, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 6/2012, do 19 de xuño:

a) Asegurar que as prestacións dos servizos de información xuvenil se desenvolvan en condicións de eficacia, calidade e igualdade.

b) Colaborar con outros organismos de natureza análoga de ámbito nacional, europeo e internacional.

c) Garantir a difusión da información xuvenil de maneira ampla e actualizada en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Favorecer a implantación dos mecanismos para que a información, a orientación e o asesoramento á xuventude se baseen nos principios da Carta Eryica, garantindo a igualdade, independencia, calidade e atención persoal á xuventude, respectando a confidencialidade e o anonimato da persoa usuaria e posibilitando a igualdade de oportunidades.

e) Promover a máxima difusión de información a través das tecnoloxías da información e comunicación, especialmente a través da internet e das súas redes sociais.

f) Informar a mocidade daqueloutras iniciativas culturais, educativas, laborais, deportivas e sanitarias ofertadas a toda a poboación, como principio de integración na comunidade e avogando polos principios reitores de transversalidade e coordinación.

3. A Rede Galega de Información Xuvenil canaliza toda a información para a xuventude a través do Centro Coordinador de Información Xuvenil, mediante os servizos de información xuvenil e os correspondentes xuvenís.

Artigo 8. Procedemento de integración na Rede Galega de Información Xuvenil

1. Os servizos de información xuvenil deberán presentar unha declaración responsable ante o órgano de dirección competente en materia de xuventude, con carácter previo ao inicio da actividade de información, de conformidade co establecido nos artigos 2 e 4.

2. A presentación da declaración responsable comportará a inscrición do servizo na sección de entidades integrantes da Rede Galega de Información xuvenil, sen prexuízo do establecido no artigo 4.5.

3. A integración na Rede Galega de Información Xuvenil será imprescindible para ter acceso á Rede Nacional e Internacional de Información e Documentación Xuvenil.

4. O servizo de información xuvenil deberá estar en posesión da seguinte documentación, que será requirida para os efectos de verificar a declaración responsable presentada:

a) Unha memoria que recolla a conveniencia da creación do servizo de información xuvenil no ámbito territorial no que se vai desenvolver a actividade, a infraestrutura e medios humanos de que dispón, especificando as titulacións e características da relación laboral, o orzamento anual e as previsións do seu financiamento e o plan de actividades de dinamización da información que se desenvolverán dende o servizo.

b) Certificación, emitida polo órgano competente segundo os seus estatutos ou a normativa reguladora, de que quen presenta a solicitude é o órgano facultado para iso.

5. O órgano de dirección competente en materia de xuventude orientará e realizará un seguimento do funcionamento dos servizos de información xuvenil a través dos servizos de xuventude da xefatura territorial correspondente.

6. O servizo de información xuvenil poderá solicitar o cese voluntario da actividade no momento en que o estime oportuno, e deberá comunicalo ao órgano de dirección con competencias en materia de xuventude.

Artigo 9. *Identificación*

1. As entidades integrantes da Rede Galega de Información Xuvenil deberán exhibir no exterior das súas dependencias a identidade gráfica establecida polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.

2. As entidades integrantes da Rede Galega de Información Xuvenil dependentes da consellería competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia exhibirán tamén a súa condición de servizos da Xunta de Galicia.

Artigo 10. O Centro Coordinador de Información Xuvenil

1. O Centro Coordinador de Información Xuvenil é un servizo adscrito orgánica e funcionalmente ao órgano de dirección competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia.

2. O Centro Coordinador de Información Xuvenil terá como funcións, de acordo co artigo 21 da Lei 6/2012, de 19 de xuño:

a) Coordinar o conxunto dos servizos de información xeral ou especializada da Rede Galega de Información Xuvenil.

b) Recoller, catalogar, elaborar e distribuír tanta información sexa de interese para os mozos e mozas.

c) Cooperar con entidades, organizacións e institucións públicas ou privadas na elaboración e na execución dos servizos, programas e actividades de información á xuventude.

d) Organizar accións formativas dirixidas ao persoal dos servizos de información xuvenil e á mocidade en xeral, en colaboración coa Escola Galega de Xuventude.

e) Asesorar outras entidades públicas ou privadas sobre a creación e a apertura de servizos de información xuvenil.

f) Colaborar tecnicamente co Observatorio Galego da Xuventude.

Artigo 11. A Rede Galega de Centros de Xuventude. Espazo Xove

1. A Rede Galega de Centros de Xuventude está composta polos Espazo Xove, que son equipamentos propios da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, adscritos á consellería competente en materia de xuventude, que ofrecen os seguintes servizos:

a) Información xuvenil en diferentes ámbitos, entre outros: lecer, voluntariado, emocional, prácticas de vida saudable, comunicación e redes sociais.

b) Orientación e asesoramento á mocidade sobre os recursos, plans e programas que promove a Xunta de Galicia, así como outras institucións e organismos públicos tanto estatais como europeos en materia de xuventude.

c) Organización de actividades de animación sociocultural e de educación non formal, facilitando a convivencia e a participación da mocidade nas actividades e programas que organice o propio centro, o órgano de dirección competente en materia de xuventude, ou as asociacións xuvenís e os grupos informais.

d) Apoio e fomento do asociacionismo.

2. Os Espazo Xove contarán como mínimo con:

a) Un local axeitado de uso exclusivo ou separado doutros servizos, que facilite a atención adecuada do/a mozo/a que demande información, orientación ou asesoramento, permitindo tamén levar a cabo a organización do traballo e a elaboración dos materiais de consulta.

b) Un horario de atención á xuventude en consonancia coa demanda da oficina, que estará exposto nun lugar visible ao público.

c) Un plan anual de accións de dinamización da información e organización de actividades.

d) Un cadro de persoal proporcional ao volume dos servizos que presta e ao número de persoas usuarias. A persoa responsable do Espazo Xove deberá ter a condición de informadora xuvenil ou técnica de xuventude.

e) Normas de réxime interno.

f) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispor, como mínimo, do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.

3. Os Espazo Xove remitirán ao órgano de dirección competente en materia de xuventude, no mes de xaneiro de cada ano, unha

memoria detallada das actividades do ano anterior.

Artigo 12. Oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude

1. As oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude son estruturas informativas de carácter especializado en función do tipo de mozas e mozos destinatarios ou da temática que se trata, como emprego, saúde, sexualidade, educación, xurídica ou calquera outra de interese para a mocidade, e nas que se necesiten profesionais con coñecementos técnicos específicos.

2. As oficinas de orientación e asesoramento especializado en xuventude poderán ser creadas polo órgano de dirección competente en materia de xuventude ou polas entidades locais, neste último caso nas mesmas condicións que para as oficinas locais de información xuvenil establece o artigo 13.

Artigo 13. As oficinas locais de información xuvenil

1. As oficinas locais de información xuvenil son estruturas informativas de carácter público e local, que prestan servizos de información aos mozos e mozas do seu ámbito territorial, ben directamente, ben a través de puntos locais de información xuvenil a elas vinculados.

2. As oficinas locais poderán ter ámbito territorial municipal, supramunicipal ou inframunicipal, e estarán adscritas a algunha das entidades locais descritas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

3. As oficinas locais de información xuvenil contarán como mínimo con:

- a) Un local axeitado de uso exclusivo ou separado doutros servizos da entidade local, que facilite a atención adecuada do mozo/a que demande información, orientación ou asesoramento, permitindo tamén levar a cabo a organización do traballo e a elaboración dos materiais de consulta.
- b) Un horario de atención á xuventude en consonancia coa demanda da oficina, que estará exposto nun lugar visible ao público.
- c) Un plan de actividades de dinamización da información.
- d) Un cadro de persoal proporcional ao volume dos servizos que presta e ao número de persoas usuarias. A persoa responsable da oficina deberá ter a condición de informadora xuvenil ou técnica de xuventude.
- e) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, debendo dispor, como mínimo, do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.

4. As oficinas locais poderán ter, na propia oficina ou en lugares diferentes, espazos de autoconsulta que faciliten o acceso directo dos mozos e mozas á información que lles poida interesar. Os espazos de autoconsulta son espazos a disposición da xuventude onde esta pode resolver as súas dúbidas e conseguir a documentación ou información de forma directa e sen intermediarios, tanto en soporte papel como dixital.

5. As oficinas locais de información xuvenil poderán contar con asesorías especializadas en materia de educación, emprego, vivenda, saúde ou aquelas outras que demande en cada momento a mocidade, sempre que dispoñan de persoal cunha formación suficiente para o desenvolvemento de dita función.

Artigo 14. Puntos de información xuvenil

1. Os puntos de información xuvenil son servizos de información xuvenil que poñen directamente a disposición da mocidade materiais informativos, subministrados principalmente polo Centro Coordinador de Información Xuvenil ou polas oficinas locais de información xuvenil.

2. Os puntos de información xuvenil poden ser promovidos por entidades públicas ou por entidades privadas sen ánimo de lucro, tendo por obxecto o exercicio de actividades de carácter informativo dirixidas á xuventude e prestadas directamente ao público.

3. En núcleos dispersos de poboación poderán existir puntos de información xuvenil dependentes das oficinas locais de información xuvenil.

Artigo 15. Infraestrutura dos puntos de información xuvenil

1. Os puntos de información xuvenil contarán como mínimo con:

a) Un local que permita albergar o material, soportes de consulta e atender o público.

- b) Un horario de atención á mocidade consoante coa demanda e que estará exhibido ao público.
- c) Un plan de actividades de dinamización da información.
- d) Un cadro de persoal proporcional ao volume dos servizos que se prestan e ao número de persoas usuarias. En todo caso, a persoa responsable do punto terá a condición de informadora xuvenil ou técnica de xuventude.
- e) A dotación do material suficiente para cumprir con efectividade as tarefas de información e documentación, polo que deberá dispor como mínimo do seguinte soporte informático: un ordenador con conexión a internet, correo electrónico e teléfono.

2. Ademais, poderán ter espazos de autoconsulta que faciliten o acceso directo dos mozos e mozas á información que lles poida interesar. Os espazos de autoconsulta son espazos a disposición da xuventude onde esta pode resolver as súas dúbidas e conseguir a documentación ou información de forma directa e sen intermediarios, tanto en soporte papel como dixital.

Artigo 16. Da persoa técnica en xuventude

1. A persoa técnica en xuventude será a profesional que oriente e asesore de maneira xeral e especializada en materia de xuventude, ademais de planificar as actuacións a desenvolver no servizo de información.

2. A persoa técnica en xuventude deberá de estar en posesión de titulación universitaria vinculada ao eido social e contar con formación específica en materia de xuventude.

3. Ademais, terán a condición de técnico ou técnica en xuventude para os efectos deste decreto,

a) As persoas que na data de entrada en vigor deste regulamento acrediten, mediante contrato, vida laboral ou outra documentación oficial, unha experiencia laboral mínima de tres ou máis anos como responsable ou técnico/a dunha oficina local de información xuvenil ou espazo xove.

b) As persoas que contén con algunha titulación, expedida polos órganos competentes en materia de xuventude dalgunha comunidade autónoma, polo Instituto Nacional de Administración Pública, pola Escola Galega de Administración Pública ou a súa equivalente doutra comunidade autónoma, expedida con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento dos seguintes cursos:

1º) Especialista en Información Xuvenil.

2º) Experto en Xuventude.

Artigo 17. Da persoa informadora xuvenil

1. A persoa informadora xuvenil será a que organice e xestione os servizos de información xuvenil, desenvolvendo accións de información, orientación e dinamización da información e promovendo actividades sociais e educativas no marco da educación non formal orientadas a facer efectiva a igualdade de

oportunidades e o desenvolvemento integral da xuventude como cidadáns e cidadás no contexto dunha sociedade democrática.

2. A persoa informadora xuvenil deberá estar en posesión dalgunha das seguintes acreditacións:

- a) Certificado Profesional de Información Xuvenil.
- b) Título do sistema educativo que inclúa de forma completa a cualificación profesional de información xuvenil.

Artigo 18. Os correspondentes de información xuvenil

1. Os correspondentes de información xuvenil son mozos e mozas que voluntariamente desenvolven un labor de difusión da información xuvenil nos centros educativos nos que estean a cursar estudos, nos Espazo Xove ou noutros centros, contando co apoio do persoal do Centro Coordinador de Información Xuvenil.

2. As súas funcións serán as de:

- a) xestionar e manter actualizado un taboleiro informativo no centro;
- b) difundir a información que reciban a través dos medios ao seu alcance entre o alumnado e persoas usuarias do centro;
- c) remitir ao Centro Coordinador de Información Xuvenil información do seu centro que poida ser de interese para correspondentes doutros puntos de Galicia;

d) calquera outra que contribúa á difusión da información xuvenil no seu centro.

3. A consellería competente en materia de xuventude poderá recoñecer beneficios e vantaxes para os mozos e mozas que actúen como correspondentes xuvenís, así como organizar para eles/as programas gratuítos de actividades de educación non formal.

TÍTULO II

Da formación das persoas educadoras no tempo libre infantil e xuvenil

CAPÍTULO I

Escolas de educación no tempo libre

Artigo 19. *Inicio da actividade*

1. Toda persoa, física ou xurídica, que queira iniciar a prestación de servizos de formación como escola de educación no tempo libre deberá presentar perante o órgano de dirección competente en materia de xuventude unha declaración responsable previa ao inicio da actividade, segundo o establecido nos artigos 2 e 4 deste decreto.

2. A persoa declarante deberá estar en posesión da seguinte documentación, que será requirida para os efectos de verificar a declaración responsable presentada:

a) Acreditación da identidade da persoa promotora, no caso de persoas físicas. No caso de persoas xurídicas, documentación

acreditativa sobre a súa constitución, representación e normas reguladoras, que deberán incluír de forma expresa a finalidade de impartir formación no ámbito do lecer e do tempo libre educativo.

- b) Proxecto e sistema educativo da escola, no que figuren os seus fundamentos e obxectivos, con especificación das modalidades de ensinanzas que se vaian impartir, a planificación didáctica, a metodoloxía de aprendizaxe e o sistema de avaliación e seguimento do alumnado. Así mesmo, deberá especificar o organigrama da escola e do seu profesorado, departamentos e áreas nas cales se estrutura e os órganos de xestión.
- c) Acreditación de que a escola dispón da infraestrutura necesaria para levar a cabo as actividades formativas, con descrición detallada dos medios materiais e educativos de que disporá, información sobre a localización da escola e características das instalacións onde se impartirán as sesións.
- d) Acreditación suficiente de que a persoa directora, coordinadora e profesorado posúen as titulacións esixidas neste decreto.
- e) Regulamento de réxime interno da escola, aprobado pola persoa titular de acordo coas súas normas reguladoras, que conterá, como mínimo, os seguintes datos:

1º) fins e actividades;

2º) domicilio;

- 3º) denominación da escola de educación no tempo libre, que non poderá coincidir nin ser similar con outras xa inscritas na sección de escolas de educación no tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia;
 - 4º) órganos de dirección e xestión administrativa;
 - 5º) normas de funcionamento;
 - 6º) ámbito territorial en que desenvolverá as súas actividades;
 - 7º) entidade ou persoa titular da escola de educación no tempo libre;
 - 8º) mecanismos de disolución da escola de educación no tempo libre, que en todo caso deben contemplar o compromiso de concluír os procesos formativos iniciados ou trasladar estes a outras escolas, tras a aceptación destas, salvo renuncia expresa do/a alumno/a.
- f) Declaración de que vai cumprir coa normativa en materia de protección de datos.
- g) Acreditación de ter contratada e en permanente vixencia un seguro de responsabilidade civil e accidentes, de conformidade co previsto no artigo 23 deste regulamento.

Artigo 20. *Medios materiais e educativos das escolas*

1. Todas as escolas de educación no tempo libre deberán contar cun local permanente, en propiedade, alugamento ou cesión que,

como mínimo, disporá dos seguintes espazos diferenciados: unha sede fixa e permanente de atención ao público e arquivo.

2. Os cursos deberanse impartir nunha aula de, como mínimo, 25 m² útiles e, en todo caso, deberá respectarse a ratio mínima de 2 m² por alumno/a. Esta aula poderá estar:

- a) no local permanente da escola;
- b) no local dalgunha entidade, pública ou privada, que poida ser utilizado pola escola para fins de formación de educación no tempo libre, en virtude de convenio de colaboración, contrato ou outra autorización legal de uso.

3. Algúns contidos dos cursos poderán desenvolverse en espazos diferentes da aula sinalada no apartado anterior, en función da natureza e do tipo do contido e da metodoloxía empregada.

4. Todos os espazos enumerados nos apartados anteriores deste artigo deberán contar coas adecuadas condicións de salubridade, seguridade e accesibilidade.

5. Como equipamento necesario para impartir os cursos, a escola de educación no tempo libre deberá contar durante a súa realización como mínimo cos seguintes:

- a) Os materiais e recursos didácticos específicos suficientes para cada módulo e/ou sesión formativa.
- b) Unha caixa de urxencias de primeiros auxilios.

6. Para a formación a distancia, no seu caso, será necesario:

- a) Unha plataforma de formación en liña.
- b) Unha programación secuenciada de actividades que garantan a adquisición e avaliación das competencias.
- c) Atención e apoio tutorial, con dedicación igual ao número de horas do módulo impartidas a distancia.

Artigo 21. Persoal das escolas de educación no tempo libre

1. Á fronte de cada escola existirá un director ou directora, que terá a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a. Ademais, deberá posuír unha titulación universitaria (diplomatura, licenciatura ou grao). As funcións do director ou directora da escola de educación no tempo libre serán as de dirección e representación, así como as de asinar e validar a documentación que xere a escola.
2. Así mesmo, en cada escola existirá un equipo de formadores/as suficiente e estable que garanta a calidade do proxecto educativo e a realización dos programas de formación.
3. No equipo haberá, como mínimo, unha persoa coordinadora, que coordinará a acción docente dos/as formadores/as de cada curso que se imparta. A persoa coordinadora deberá ter a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a e reunir algún dos requisitos enumerados no número 7 deste artigo.

4. O/a director/a da escola poderá exercer a función de coordinador/a dun curso, sempre que cumpra as condicións exixidas para iso.

5. Exixiranse un mínimo de formadores/as igual ou superior ao número de módulos de cada curso que se vaia realizar.

6. Os/as formadores/as dunha escola de educación no tempo libre deberán ter a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a ou na modalidade de monitor/a, sempre que neste último caso contén con titulación de bacharelato, FP ou superior.

7. Os/as formadores/as dunha escola de educación no tempo libre deberán reunir ademais algún dos seguintes requisitos:

a) os requisitos que se establecen para as persoas formadoras no Real decreto 1537/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, e no Real decreto 1697/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, en función do curso e do módulo;

b) a titulación de formador/a en escolas de educación no tempo libre, establecida no presente decreto;

c) unha experiencia docente contrastada, acreditada documentalmente, de polo menos 200 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego, no sistema educativo, en escolas de educación no tempo libre ou noutros ámbitos da educación non formal.

8. En cada escola haberá un secretario ou secretaria, que realizará os labores administrativos.

Artigo 22. *Obrigas das escolas de educación no tempo libre*

1. As escolas de educación no tempo libre remitirán ao órgano de dirección competente en materia de xuventude, no mes de xaneiro de cada ano:

a) Memoria detallada das actividades do ano anterior. O órgano de dirección competente en materia de xuventude ofrecerá un modelo dixital normalizado deste documento.

b) Programa de actividades do ano en curso. O órgano de dirección competente en materia de xuventude ofrecerá un modelo dixital normalizado deste documento.

c) Relación de formadores e formadoras que compoñan o claustro da escola e as súas respectivas titulacións. Se xa se tiver achegado anteriormente a dita relación, só se requirirá a documentación acreditativa dos cambios na relación de docentes e as novas incorporacións.

d) A póliza ou pólizas en vigor e o recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil e de accidentes da escola.

e) Calquera modificación dos datos que figuren na sección de escolas de educación no tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

2. As escolas de educación no tempo libre comunicarán ao órgano de dirección competente en materia de xuventude, con polo menos vinte días de antelación, o lugar e a data dos cursos que se vaian impartir. Esta información será publicada polo órgano de dirección competente en materia de xuventude na súa páxina web.

3. As escolas de educación no tempo libre deberán amosar no seu local, e nun lugar visible ao público, o número de rexistro na sección de escolas de educación no tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, así como en todas as súas publicacións e instrumentos de visibilidade.

4. No suposto do peche dunha escola, tras a autorización previa e supervisión do órgano de dirección competente en materia de xuventude, esta terá que traspasar a outra escola de educación no tempo libre, mediante un acordo por escrito, os expedientes en trámite así como a información sobre as titulacións que emitiu na data de peche. No suposto de que unha/un alumna/o solicite o cambio de escola, esta terá que ceder unha copia do seu expediente. O órgano de dirección competente en materia de xuventude ofrecerá un modelo dixital normalizado deste documento.

5. As escolas de educación no tempo libre non poderán estar máis de dous anos sen actividade docente efectiva e deberán impartir, polo menos, todos os módulos teórico-prácticos dun curso de primeiro ou segundo nivel. No caso contrario, poderá iniciarse

un expediente de baixa na sección de escolas de educación no tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

Artigo 23. Seguro de responsabilidade civil e accidentes

1. A escola de educación no tempo libre deberá contratar un seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos, persoais ou materiais, causados involuntariamente a terceiros, derivados do desenvolvemento da súa actividade. Os límites mínimos serán de 300.000 euros por vítima e 1.200.000 euros por sinistro.

2. Ademais, a escola de educación no tempo libre deberá contratar un seguro de accidentes, que cubra os accidentes que poida sufrir o alumnado e o persoal formador durante a realización do curso. As coberturas han de ser, como mínimo, de 6.000 euros para asistencia sanitaria, 5.000 euros por defunción e 6.500 euros no caso de invalidez.

Artigo 24. Encontro coas escolas de educación no tempo libre de Galicia

1. A Escola Galega de Xuventude convocará periodicamente a todas as escolas de educación no tempo libre a unha xuntanza, na que se debaterán todas as cuestións relativas á educación no tempo libre que se consideren de interese, tanto por parte da Administración como das escolas.

2. Á devandita xuntanza asistirá, en representación das escolas, a persoa que exerza a súa dirección ou a persoa en quen esta delegue.

CAPÍTULO II

Modalidades de ensino

Artigo 25. *Catálogo oficial de formación e modalidades de ensino*

1. As modalidades de ensino que impartan as escolas de educación no tempo libre conformarán o Catálogo Oficial de Formación no Tempo Libre Infantil e Xuvenil da Xunta de Galicia.

As modalidades incluídas no Catálogo Oficial de Formación no Tempo Libre Infantil e Xuvenil serán:

a) Cursos de primeiro nivel:

1º) Monitor/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

b) Cursos de segundo nivel:

1º) Director/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

2º) Director/a de campos de voluntariado.

c) Cursos de especialización:

1º) Formador/a en escolas de educación no tempo libre.

2º) Especialista en atención á diversidade en actividades educativas de tempo libre.

3º) Especialista na xestión do fomento da igualdade de xénero nas actividades educativas de tempo libre.

4º) Outros cursos que se consideren de especial interese no eido da educación non formal e que se establezan a través de orde da consellería competente en materia de xuventude.

2. O Catálogo Oficial de Formación no Tempo Libre Infantil e Xuvenil actualizarase a medida que se incorporen novos cursos ou se modifiquen os existentes.

Artigo 26. Curso de monitor ou monitora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil

1. A competencia xeral do monitor ou monitora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil será a de planificar, organizar, xestionar, dinamizar e avaliar proxectos de tempo libre educativo, dirixidos á infancia e á xuventude no marco da programación xeral dunha organización, aplicando as técnicas específicas de animación grupal, incidindo explicitamente na educación en valores e atendendo ás medidas básicas de seguridade e prevención.

2. A formación irá dirixida a que o futuro monitor ou monitora adquira as seguintes competencias:

a) Organizar, dinamizar e avaliar actividades no tempo libre educativo infantil e xuvenil.

b) Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e da xuventude.

c) Empregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.

3. O curso de monitor ou monitora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil adecúase ao contido dos programas establecidos no Real decreto 1537/2011, do 31 de outubro, para o certificado profesional de dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ou ao da normativa posterior que o substitúa.

4. Para acceder ao curso deberán cumprirse os requisitos académicos, formativos ou profesionais establecidos no Real decreto 1537/2011, do 31 de outubro, ou os da normativa posterior que o substitúa.

5. O curso de monitor ou monitora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil contén os seguintes módulos formativos:

a) Actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil (60 horas).

b) Procesos grupais e educativos no tempo libre infantil e xuvenil (30 horas).

c) Técnicas e recursos de animación en actividades de tempo libre (60 horas).

d) Prácticas profesionais non laborais de dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (160 horas).

6. O proxecto de prácticas conterá os elementos básicos de toda intervención educativa e planificación no tempo libre.

Artigo 27. Curso de director ou directora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil

1. A competencia xeral do director ou directora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil consistirá en planificar, organizar, xestionar, dinamizar e avaliar proxectos de tempo libre educativo, dirixidos á infancia e á xuventude en todos os seus aspectos, representando interna e externamente a estes, asumindo a creación, control e dinamización do equipo de persoal monitor.

2. A formación irá dirixida a que o futuro director ou directora adquiera as seguintes competencias:

- a) Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.
- b) Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándoos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.

3. O curso de director ou directora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil adecúase ao contido dos programas establecidos no Real decreto 1697/2011, do 18 de novembro, para o certificado profesional de dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ou ao da normativa posterior que o desenvolva ou substitúa.

4. Poderán acceder ao curso os/as profesionais da educación no tempo libre na súa modalidade de monitor/a que cumpran os requisitos académicos, formativos ou profesionais establecidos no Decreto 1697/2011, do 18 de novembro, ou os da normativa posterior que o substitúa.

5. O curso de director/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil contén os seguintes módulos formativos:

a) Planificación, organización, xestión e avaliación dos proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil (120 horas).

1º) Contextualización do tempo libre infantil e xuvenil no contorno social (50 horas).

2º) Programación, execución e difusión de proxectos educativos no tempo libre (70 horas).

b) Coordinación e dinamización do equipo de monitores/as de tempo libre (80 horas).

c) Prácticas profesionais non laborais de dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil (120 horas).

6. As prácticas responderán a un proxecto de dirección dun equipo de monitores/as nunha actividade xestionada polo/a director/a nas súas fases de infraestrutura, organización, execución e avaliación, dirixida a uns destinatarios concretos.

Artigo 28. *Curso de director ou directora de campos de voluntariado*

1. O curso de director ou directora de campos de voluntariado ten a finalidade de formar e especializar os directores e directoras de educación no tempo libre no deseño, dirección, dinamización e avaliación de campos de voluntariado.

2. A formación irá dirixida a que o futuro director ou directora adquira as seguintes competencias:

- a) Diseñar, dinamizar e avaliar o proxecto educativo de tempo libre que representa o campo de voluntariado.
- b) Dirixir a un equipo de educadores que interveñen no campo de voluntariado.
- c) Comprender e dinamizar as persoas participantes nos campos de voluntariado.

3. Para o acceso ao curso de director/a de campos de voluntariado será necesario ter a condición de profesional da educación no tempo libre na súa modalidade de director/a e unha experiencia na devandita condición de, cando menos, un campamento de 10 días ou 150 horas en proxectos educativos coa xuventude.

4. O programa e demais especificidades do curso estableceranse mediante unha orde da consellería competente en materia de xuventude.

Artigo 29. Curso de formador/a en escolas de educación no tempo libre

1. O curso de formador/a en escolas de educación no tempo libre ten por obxecto capacitar para:

- a) Programar, impartir e avaliar accións formativas no eido da educación no tempo libre.
- b) Titorizar os módulos de prácticas conforme os distintos programas de formación.
- c) Elaborar recursos didácticos que desenvolvan os contidos de cada curso.

2. Poderán acceder a este curso as persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 21.6, sempre que contén cunha experiencia acreditada no eido da educación no tempo libre de 300 horas.

3. As persoas docentes deberán ser profesionais da educación no tempo libre na súa modalidade de director/a e ademais cumprir un dos seguintes requisitos:

- a) Posuír a titulación universitaria oficial de grao en Pedagogía, Psicopedagogía, mestre/a en calquera das súas especialidades, Educación Social ou calquera outra do ámbito das ciencias da educación.
- b) Estar en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou equivalente, ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica, ou o

máster universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor da ESO e bacharelato, Formación Profesional e escolas oficiais de idiomas.

4. O programa e demais especificidades do curso estableceranse mediante unha orde da consellería competente en materia de xuventude.

Artigo 30. Curso de especialista en atención a persoas con discapacidade en actividades educativas de tempo libre

1. O curso de especialista en atención a persoas con discapacidade en actividades educativas de tempo libre ten por obxecto formar as/os profesionais da educación no tempo libre para:

- a) Dar a coñecer e concienciar sobre a situación das persoas diversas no acceso ao lecer.
- b) Formar nunha visión integradora no acceso e desfrute de todos e todas.
- c) Aportar os recursos e coñecementos necesarios para poder levar a cabo actividades baseadas na equidade.
- d) Comprender o valor educativo da diversidade.
- e) Distinguir os distintos tipos de discapacidade e valorar a súa importancia nas actividades de tempo libre.

f) Diseñar, adaptar, dinamizar e avaliar programas educativos de actividades no tempo libre dende unha perspectiva de inclusión.

2. Poderán acceder ao curso as/os profesionais da educación no tempo libre en calquera das súas modalidades.

3. O programa e demais especificidades do curso estableceranse mediante unha orde da consellería competente en materia de xuventude.

Artigo 31. Curso de especialista na xestión do fomento da igualdade de xénero nas actividades educativas de tempo libre

1. O curso de especialista na xestión do fomento da igualdade de xénero nas actividades educativas de tempo libre ten por obxecto formar as/os profesionais da educación no tempo libre para:

a) Formar nunha visión integradora dende o punto de vista da igualdade de xénero.

b) Dar a coñecer ferramentas e recursos de cara a prevención, detección e formas de intervención ante situacións de desigualdade nos contextos de ocio.

c) Aportar os recursos e coñecementos necesarios para poder levar a cabo actividades baseadas na igualdade de xénero.

d) Sensibilizar e concienciar sobre a necesidade de promover relacións igualitarias, eliminar actividades sexistas ou que segreguen por razón de xénero.

e) Diseñar, adaptar, dinamizar e avaliar programas educativos de actividade no tempo libre dende unha perspectiva de xénero.

2. Poderán acceder ao curso as/os profesionais da educación no tempo libre en calquera das súas modalidades.

3. O programa e demais especificidades do curso estableceranse mediante unha orde da consellería competente en materia de xuventude.

CAPÍTULO III

Procedemento de realización dos cursos e expedición dos títulos

Artigo 32. *Matriculación, realización e avaliación*

1. A idade mínima para acceder aos cursos de tempo libre será de 17 anos para os módulos teórico-prácticos e de 18 anos para o módulo de prácticas.

2. O número de alumnos/as máximo por curso e aula será de 25.

3. As escolas de educación no tempo libre abrirán un expediente persoal de cada alumno/a e expedirán unha acta de avaliación de cada un dos cursos conforme o modelo normalizado que se recolle no anexo VIII deste decreto, na que constarán os apelidos e o nome, a data de nacemento, o enderezo e o DNI dos alumnos e alumnas participantes, así como o resultado de cada un dos módulos formativos do curso.

4. A avaliación levarase a cabo de xeito obxectivo, con base en criterios como a participación do alumnado, a experiencia e a

actitude, a asimilación dos contidos impartidos e as actitudes e aptitudes persoais indispensables á hora de desenvolver a actividade de educador/a no tempo libre.

5. A avaliación dos módulos teórico-prácticos dos cursos que se impartan nas escolas de educación no tempo libre basearase nunha avaliación continua personalizada, que se efectuará ao longo do curso, e unha avaliación final escrita, de acordo coa ponderación que para cada un dos criterios de avaliación estableza, para cada programa, o Catálogo Oficial de Formación, e que será de xeral aplicación a todos os cursos que imparta. A referida ponderación deberá ser comunicada ao alumnado na primeira xornada de formación de cada curso.

6. As xornadas serán dun máximo de 8 horas. Excepcionalmente, en caso de pernocta, poderán ser dun máximo de 10 horas.

7. A formación será fundamentalmente de carácter presencial, mais pode ser complementada por formación en liña. A formación presencial deberá supor un mínimo de 100 horas no curso de monitor/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil e de 136 horas no curso de director/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil. A formación en liña non poderá supor máis dun terzo das horas totais de cada módulo formativo.

8. Para que se considere apto, o alumnado deberá ter asistido ao 80% da formación de carácter presencial e ter completado o 100% das actividades e avaliacións propostas na modalidade en liña.

9. Para a obtención do título necesitarase superar satisfactoriamente todos os módulos teórico-prácticos e o módulo de prácticas do curso.

Artigo 33. *Módulo de prácticas*

1. As prácticas responderán a un proxecto elaborado pola persoa participante no curso, que será orientada na súa elaboración e desenvolvemento polo titor ou titora de prácticas da escola onde realizou o curso designado para tal fin, que deberá formar parte do seu cadro de formadores/as. Durante o seu desenvolvemento será necesaria a existencia dunha persoa responsable de prácticas designada pola entidade receptora onde se vaia realizar, que teña a condición de profesional da educación no tempo libre na súa modalidade de director/a e experiencia acreditada no eido.

2. O centro de prácticas debe garantir as condicións de intervención do/a alumno/a en canto a equipamentos e espazos, e debe facilitarlle a documentación e o soporte material necesarios para levar a cabo as prácticas. As tarefas encomendadas, baixo a supervisión da escola onde realizou a formación teórico-práctica, deben ser as adecuadas ao proceso formativo do/a alumno/a.

3. A realización das prácticas require a sinatura previa dun convenio de colaboración, segundo o modelo tipo que establecerá o órgano competente en materia de xuventude.

4. O convenio incluírá, como mínimo, os datos e acordos seguintes:

a) Datos da escola que imparte a formación e da persoa representante.

b) Datos do centro, entidade ou empresa onde se vaian realizar as prácticas e da persoa representante.

c) Identificación do/a responsable de prácticas na entidade receptora.

d) Identificación do/a titor/a de prácticas da escola.

e) Proxecto formativo.

f) Cobertura de risco de accidente e responsabilidade civil do alumnado.

g) Vixencia e rescisión anticipada do convenio.

5. É responsabilidade da escola posibilitar a realización das prácticas de todo o alumnado, de acordo coas súas necesidades formativas e correndo cos gastos dos preceptivos seguros.

6. O alumnado poderá propor unha alternativa adecuada para a realización das prácticas, que será aceptada sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste decreto, se posibilita a supervisión da escola e se asine o convenio. Neste suposto, os gastos dos preceptivos seguros correrán a cargo do centro ou entidade onde se realizaren as prácticas.

7. A avaliación do módulo de prácticas dos distintos cursos que impartan as escolas de educación no tempo libre efectuarase, unha vez desenvolvida a actividade proxectada, con base na memoria elaborada polo/a participante no curso e que recollerá o desenvolvemento da actividade, o informe do/a responsable de

prácticas da entidade receptora e o informe do/a titor/a da escola.

8. Non se poderán computar máis de 12 horas ao día cando se pernocte. No resto dos casos o cómputo máximo diario será de 10 horas.

9. O módulo de prácticas desenvolverase nun prazo máximo de 2 anos dende o remate e superación dos módulos teórico-prácticos.

Artigo 34. *Expedición de títulos acreditativos*

1. O órgano de dirección competente en materia de xuventude expedirá os títulos acreditativos correspondentes ás ensinanzas que formen parte do Catálogo Oficial de Formación, de conformidade coas actas de avaliación de cada escola, logo da solicitude desta, á que se achegará o documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

2. En cada título farase constar o nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, a data de nacemento da persoa interesada, o domicilio e a escola onde realizou o curso. Na parte traseira do título incorporárase o programa do curso ou contidos impartidos, a consellería e o órgano que expide o título.

3. A escola de educación no tempo libre é plenamente responsable da veracidade dos datos que consten nas actas, así como do seguimento do procedemento de avaliación establecido no presente decreto. A Escola Galega de Xuventude poderá requirir á escola para que presente calquera documento acreditativo do cumprimento dos requisitos para obter as titulacións.

TÍTULO III

Das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 35. *Definicións*

1. As actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil son as promovidas por persoas físicas, asociacións, entidades ou empresas, públicas ou privadas, que contribúan ao desenvolvemento integral da infancia e da mocidade mediante a execución dun proxecto cunha metodoloxía educativa non formal e dun xeito lúdico-recreativo e formativo.

2. Segundo o seu papel nas actividades distinguirase entre:

- a) Participantes: aquelas persoas ás que vai dirixida a actividade e que se benefician dela.
- b) Equipo técnico dirixente: conxunto de persoal titulado que desenvolve a actividade. Todos os membros do equipo deberán ser maiores de idade.
- c) Persoa promotora: a persoa promotora da actividade é a persoa física ou entidade xurídica, privada ou pública, que promove a organización do programa de actividades, con capacidade de decisión sobre o seu contido e execución, independentemente de que o seu desenvolvemento efectivo o realice por si mesmo ou a través dun terceiro, total ou parcialmente.

- d) Persoa organizadora: é a persoa ou entidade que asume o desenvolvemento das actividades de educación no tempo libre incluídas no programa e, no seu caso, autorizadas pola persoa promotora e baixo as súas directrices.
- e) Persoa coordinadora: é a responsable da dinamización, realización e supervisión da actividade xuvenil de tempo libre para garantir o cumprimento do programa e a súa planificación.

Artigo 36. Tipoloxía de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil reguladas neste decreto

Encóntranse comprendidas no ámbito de aplicación do presente decreto as seguintes actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, nas que haxa un mínimo de oito participantes:

- a) Acampadas: son actividades de pernocta, que implican asentamentos temporais en tendas de campaña, caravanas, albergues móbiles ou calquera outro elemento facilmente transportable.
- b) Marchas voantes ou rutas de pernocta: actividades consistentes na realización dunha marcha itinerante nas que se pernocta en lugares diferentes.
- c) Campamentos: son actividades de pernocta en instalacións fixas e nas que se poderán desenvolver accións lúdicas e de animación, deportivas, artísticas e culturais entre outras.

- d) Campos de voluntariado: son as actividades que se desenvolvan de acordo cun programa de traballo de carácter social e de interese xeral, sen ánimo de lucro, e na que as persoas participantes sexan voluntarias.
- e) Campamentos sen pernocta: calquera tipo de actividade de educación no tempo libre infantil e xuvenil, que se leve a cabo en período non lectivo, en xeral de luns a venres, sen ningún tipo de continuidade durante o ano, na que se desenvolven accións lúdicas e de animación, deportivas, artísticas e culturais, entre outras.
- f) Obradoiros: son actividades puntuais de educación no tempo libre infantil e xuvenil dirixidas a adquirir ou ampliar coñecementos en temáticas concretas ou a adquirir habilidades ou aptitudes básicas na elaboración de produtos ou realización de actividades, onde as sesións serán teórico-prácticas orientadas cara á aprendizaxe e que impliquen custodia infantil.
- g) Actividades de animación no tempo libre infantil e xuvenil consistentes na realización de eventos puntuais lúdico-recreativos que impliquen custodia infantil.
- h) Actividades que fomentan o contacto coa natureza, a convivencia e o respecto aos animais, desenvolvendo programas de educación ambiental en granxas escola.
- i) Excursións ou saídas puntuais con menores, de carácter formativo-lúdico e/ou cultural.

Artigo 37. *Actividades excluídas*

Este decreto non se aplicará ás seguintes actividades:

- a) As actividades que teñan un carácter familiar.
- b) As actividades que se realicen a título particular, nas que non exista, por parte de persoas físicas ou entidades, a planificación e organización dun programa de actividades de educación no tempo libre.
- c) As actividades organizadas polos órganos competentes das administracións públicas en materia de atención á infancia e protección de menores.
- d) As actividades desenvolvidas por centros docentes que impartan ensinanzas regradas, de réxime xeral ou especial, dentro do período lectivo, cando só asista o alumnado e profesorado do centro e se desenvolvan dentro da súa programación xeral anual.
- e) As competicións ou prácticas deportivas que leven a cabo as correspondentes federacións deportivas ou clubs con deportistas federados, así como aquelas especificamente reguladas pola normativa en materia de deporte.
- f) As actividades promovidas por centros residenciais de acollemento ou polos servizos sociais.
- g) Actividades desenvolvidas en ludotecas.
- h) Actividades desenvolvidas en centros de ocio infantil.

- i) Actividades desenvolvidas en campamentos de turismo.
- j) Actividades de turismo activo.
- k) Actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 38. Profesionais da educación no tempo libre

1. Terán a consideración de profesionais da educación no tempo libre na modalidade de monitor/a as persoas que teñan cumpridos os 18 anos e que estean en posesión dalgunha das acreditacións seguintes:

- a) Título de monitor ou monitora de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- b) Certificado profesional de dinamización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- c) Título do sistema educativo que inclúa de forma completa a cualificación profesional de dinamización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

2. Terán a consideración de profesionais da educación no tempo libre na modalidade de director/a as persoas que estean en posesión dalgunha das acreditacións seguintes:

- a) Título de director/a de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

b) Certificado profesional de dirección e coordinación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

c) Título do sistema educativo que inclúa de forma completa a cualificación profesional de dirección e coordinación de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

3. Non precisarán de homologación as titulacións de educación no tempo libre análogas expedidas polos organismos responsables en materia de xuventude das distintas comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Requisitos das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil

Sección 1ª. Requisitos xerais

Artigo 39. Requisitos de persoal

1. As actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil comprendidas no ámbito de aplicación do presente decreto estarán dirixidas por persoal técnico que teña a consideración de profesional da educación no tempo libre na modalidade de director/a, que será a persoa responsable do correcto desenvolvemento destas.

Esta persoa deberá estar permanentemente presente na actividade, incluíndo como parte desta calquera tarefa inherente á súa

función, aínda que non se desenvolva na localización principal da actividade.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, as actividades de ata 25 participantes que non requiran de declaración responsable poderán ser dirixidas por persoal técnico que teña a consideración de profesional da educación no tempo libre na súa modalidade de monitor/a, que será a persoa responsable do correcto desenvolvemento destas.

3. No caso dos campos de voluntariado as actividades estarán dirixidas en todo caso por persoal técnico coa titulación de director/a de campos de voluntariado, que será a persoa responsable do correcto desenvolvemento das actividades, e deberá estar permanentemente presente durante a súa realización.

4. Para a realización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil cumprírase a seguinte ratio:

a) Nas actividades suxeitas a declaración responsable, e tendo en conta a idade das persoas participantes:

1º) Se estas teñen menos de 9 anos, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 8 participantes.

2º) Se estas teñen entre 9 e 17 anos, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 10 participantes.

3º) Se as persoas participantes teñen 18 anos ou máis, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 15 participantes.

Nestas actividades a persoa responsable da actividade non se considera integrante do equipo técnico á hora de calcular a ratio necesaria.

b) Nas demais actividades, e tendo en conta a idade dos participantes:

1º) Se estes teñen menos de 9 anos, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 10 participantes.

2º) Se teñen entre 9 e 17 anos, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 15 participantes.

3º) Se os participantes teñen 18 anos ou máis, o equipo técnico estará formado, como mínimo, por unha persoa por cada 20 participantes.

Nestas actividades, a persoa responsable da actividade si se considera integrante do equipo técnico á hora de calcular a ratio necesaria.

c) Todas estas actividades, exceptuando aquelas nas que todas as persoas participantes sexan maiores de idade ou estean baixo custodia parental no seu desenvolvemento, requiren dun equipo técnico mínimo de dúas persoas.

d) Se hai diversidade de idades no grupo de participantes, de xeito que algunhas persoas pertencen a dúas ou tres divisións

distintas das propostas anteriormente, asumirase sempre a ratio maior.

- e) En actividades nas que algunha das persoas participantes teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e menor do 66%, o equipo técnico incrementarase nun mínimo dunha persoa con preparación adecuada e titulación suficiente por cada dous participantes destas características. Se algunha das persoas participantes tiver un grao de discapacidade igual ou superior ao 66%, o equipo técnico mínimo incrementarase nunha persoa con preparación adecuada e titulación suficiente por cada participante destas características.

5. O persoal en prácticas non se contabilizará para os efectos das ratios mínimas establecidas no número 4. Así mesmo, os/as monitores/as en prácticas non poderán exceder de 1 por cada 3 monitores/as titulados/as, e non poderá haber máis dun director ou directora en prácticas por cada actividade.

6. Con carácter xeral, a metade do equipo técnico necesario para cumprir coa proporción recollida nas liñas anteriores, exceptuando a persoa responsable da actividade, deberá ter a condición de profesional de educación no tempo libre na súa modalidade de monitor/a. A porcentaxe restante, que en todo caso ha de estar composta por persoas maiores de idade, poderá exercer se tiver unha titulación adecuada á actividade específica que se leve a cabo.

7. Todo o persoal técnico dirixente, incluído o persoal en prácticas, deberá estar en posesión do certificado vixente de non estar inscrito no Rexistro central de delincuentes sexuais.

Artigo 40. *Obrigas da persoa responsable da actividade*

Constituirán obrigas da persoa responsable da actividade, sen prexuízo da responsabilidade que puiden corresponder á persoa promotora e/ou organizadora da actividade:

- a) Cumprir e facer cumprir as normas do presente título.
- b) Velar para que as actividades se desenvolvan coas necesarias condicións sanitarias e de hixiene e coas medidas de seguridade suficientes que garantan a integridade física das persoas participantes.
- c) Garantir que todas as persoas encargadas da manipulación dos alimentos e da elaboración das comidas actúen de acordo cos requisitos mínimos precisos co fin de evitar contaminacións alimenticias, e contén co certificado individual de acreditación, recollido no Decreto 290/2003, do 4 de xuño, polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e se crea o rexistro delas, ou co carné de manipulador de alimentos.
- d) Garantir o cumprimento do programa de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- e) Facer cumprir as normas vixentes de prevención en materia de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outra substancia que poida xerar adicción.
- f) Adoptar as medidas necesarias para evitar o deterioro das propiedades e instalacións, os riscos de incendio que poidan

producirse ben sexa por acción ou omisión, impedir as accións que produzan verteduras ou desperdicios en zonas non idóneas, así como velar para que non se produzan alteracións no marco natural.

- g) En xeral, velar polo cumprimento das normativas sectoriais vixentes que afecten á actividade.

Artigo 41. *Seguro de responsabilidade civil*

As persoas físicas, asociacións, entidades ou empresas, públicas ou privadas, promotoras da actividade deberán ter contratado un seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos, persoais ou materiais, causados involuntariamente a terceiros, derivados do desenvolvemento da súa actividade. Os límites mínimos serán de 300.000 euros por vítima e 1.200.000 euros por sinistro.

Sección 2ª. Requisitos das actividades de pernocta

Artigo 42. *Actividades en instalacións fixas*

Cando a actividade se realice nunha instalación fixa que non estea recoñecida administrativamente como instalación turística ou xuvenil destinada ao aloxamento, deberán cumprirse as seguintes condicións mínimas:

- a) A instalación emprazarase en zonas salubres e non perigosas para a integridade física.
- b) O almacenamento de materiais líquidos ou sólidos inflamables realizarase coas correspondentes medidas de seguridade. Deberán

cumprirse, en todo caso, os requisitos exixidos pola normativa sobre incendios.

c) Destinaranse dependencias separadas para os usos de dormitorio, servizos hixiénicos, cociña e comedor.

d) Os espazos destinados a dormitorio disporán de ventilación directa.

e) Os servizos hixiénicos disporán de auga fría e quente.

Artigo 43. Actividades en tendas de campaña ou outras instalacións móbiles

1. Non se poderá acampar nos seguintes lugares:

a) En terreos situados en leitos secos, beiras dos ríos ou zonas susceptibles de ser inundadas, así como naqueloutras que por calquera causa resulten perigosas ou insalubres.

b) Nun radio inferior a 150 metros dos lugares de captación de auga potable para o abastecemento de poboacións.

c) A menos de 1 quilómetro dos campamentos públicos de turismo ou de núcleos urbanos, nin a menos de 10 metros das marxes de leitos fluviais nin a menos de 50 metros de estradas ou vías de ferrocarril.

d) A menos de 500 metros de monumentos ou conxuntos histórico-artísticos legalmente declarados.

- e) Nas proximidades de industrias que teñan unha declaración de incidencia ambiental, e dos lugares de vertedura de augas residuais.
- f) En terreos polos que discorran liñas de alta tensión.
- g) Na zona de dominio público marítimo-terrestre, nas praias e na zona de servidume de tránsito, entendendo por esta última a franxa de 6 metros medidos terra adentro a partir do límite interior da ribeira do mar.
- h) En xeral, naqueles lugares que por esixencias do interese público estean afectados por prohibicións ou limitacións neste sentido ou por servidumes establecidas expresamente, mediante disposicións legais ou regulamentarias, salvo que se obteña a autorización oportuna dos organismos competentes.

2. En todo caso, a persoa promotora deberá recadar as autorizacións sectoriais necesarias para a realización da actividade.

Artigo 44. Normas de carácter sanitario

1. A auga de consumo deberá ser potable, adaptándose aos procedementos oportunos que garantan de forma permanente a dita potabilidade mentres dure a actividade.

2. De non existir ningún sistema de recollida de excrementos, construíranse latrinas, que estarán situadas a máis de 100 metros de ríos, regatos, pozos ou fontes. Unha vez concluída a actividade, taparanse con terra.

3. O almacenamento do lixo realizarase en recipientes con tapa ou bolsas que se poidan pechar, e depositarase periodicamente en contedores de recollida de lixo.

4. Todos os alimentos que se consuman deberán reunir as correspondentes garantías sanitarias, tendo en conta ademais que:

a) Non se almacenarán alimentos conxuntamente con outros produtos que poidan ser fonte de contaminación ou intoxicación.

b) Nas zonas de almacenamento ningún alimento deberá estar en contacto co chan, debendo estar illado del cunha separación de 10 cm, como mínimo, así como protexidos dos insectos.

c) Os alimentos perecedoiros conservaranse en frigoríficos. De non disporse de sistemas de frío, estes alimentos consumiranse no mesmo día da súa compra e o sobranse, de existir, desbotarase.

5. Evitarase a contaminación das augas, dispoñendo correctamente a evacuación das augas residuais procedentes do fregado de louza, lavado de roupa e aseo persoal, fóra dos leitos dos ríos, regatos ou torrentes.

6. As zonas de baño en leitos naturais deberán ser coidadosamente elixidas, procurando o máximo afastamento de puntos de verteduras augas arriba, tanto urbanas como industriais, así como doutros puntos de contaminación, como vertedoiros, zonas de pastoreo, etc.; así mesmo, deberán estar afastadas das zonas de extracción de auga para o consumo.

7. Durante toda a actividade será necesario que exista unha caixa de primeiros auxilios, baixo a responsabilidade da persoa establecida no artigo seguinte. A caixa de primeiros auxilios deberá cumprir coas previsións establecidas na normativa correspondente e será acorde co número de participantes, características da actividade e distancia entre o seu emprazamento e o centro sanitario máis próximo.

8. Ao acabar a actividade, as persoas participantes nela deberán deixar o lugar en perfectas condicións, limpándoo de residuos e enterrando os excrementos e augas residuais nas latrinas habilitadas se non se utilizou outro sistema de evacuación. Deberán, así mesmo, asegurarse de deixar completamente apagados todos os focos de ignición.

9. Deberá terse a disposición, de xeito permanente, un vehículo adecuado que permita o desprazamento das persoas participantes e do persoal técnico dirixente ao centro de saúde ou hospital máis próximo, en caso de ser necesario.

Artigo 45. Responsable sanitario/a e responsable de primeiros auxilios

1. As actividades contarán cun/ha responsable sanitario/a. No caso de actividades de cincuenta ou máis participantes e que se desenvolvan a máis de quince quilómetros de distancia dun punto de atención continuada (PAC), o/a responsable sanitario/a deberá ser médico/a, graduado/a en enfermería ou equivalente. Nas restantes actividades, as súas funcións serán asumidas pola persoa responsable da actividade.

As funcións do/a responsable sanitario/a serán as seguintes:

- a) Velar polo perfecto estado dos alimentos e augas de consumo nos termos establecidos no artigo 44.
- b) Vixiar as enfermidades e os accidentes que poidan sufrir as persoas participantes.
- c) Coidar de que as actividades se fagan conforme coas normas sanitarias establecidas no artigo 44 e demais normativa de aplicación, de forma que non se poña en perigo a saúde das persoas nin se estrague o medio.

2. Ademais, as actividades contarán cunha persoa designada especificamente como responsable de primeiros auxilios, con formación mínima en primeiros auxilios debidamente acreditada.

As funcións desta persoa consistirán no mantemento e vixilancia da caixa de primeiros auxilios, aplicación de primeiros auxilios básicos e dispor de información suficiente dos recursos sanitarios da zona.

Artigo 46. *Seguro de accidentes*

As persoas físicas, asociacións, entidades ou empresas, públicas ou privadas, promotoras da actividade deberán contratar un seguro de accidentes que cubra os accidentes que poidan sufrir as persoas participantes ou o equipo técnico dirixente durante a realización da actividade. As coberturas han de ser, como mínimo, de 6.000 euros para asistencia sanitaria, 5.000 euros por defunción e 6.500 euros no caso de invalidez.

CAPÍTULO III

Inicio da actividade

Artigo 47. *Actividades suxeitas a comunicación previa*

1. Requirirá a presentación dunha comunicación previa a realización das seguintes actividades:

- a) Campamentos sen pernocta.
- b) Actividades de pernocta cunha duración inferior a seis noites consecutivas.

2. Mediante a comunicación previa porase en coñecemento da administración os seguintes datos relevantes para a realización da actividade:

a) Relación do equipo dirixente, onde conste:

1º) o nome, os apelidos e o NIF;

2º) a titulación de cada unha das persoas que forman o equipo, indicando as persoas responsables.

b) Número de participantes e rango de idade.

c) Lugar, datas, fins e obxectivos da actividade.

d) Que todas as persoas integrantes do equipo dirixente contan co certificado de delitos de natureza sexual, así como as persoas en prácticas.

e) Que a persoa promotora ten subscrito o seguro de responsabilidade civil preceptivo, así como o de accidentes, no seu caso.

Artigo 48. *Actividades suxeitas a declaración responsable*

1. As actividades de pernocta que inclúan na súa duración un número mínimo de seis noites consecutivas requirirán a presentación previa dunha declaración responsable, nos termos recollidos nos artigos 2 e 4.

2. Para estes efectos, a persoa promotora, ou a persoa responsable da actividade durante a súa realización, deberá ter a disposición do órgano de dirección competente en materia de xuventude a seguinte documentación:

a) Relación do equipo técnico dirixente, onde conste:

1º) o nome, os apelidos e o NIF;

2º) a copia da titulación de cada unha das persoas que forman o equipo, indicando as persoas responsables;

3º) a xustificación do cumprimento das ratios de persoal establecidas neste título;

4º) o certificado de delitos de natureza sexual de cada integrante do dito equipo, así como tamén das persoas en prácticas.

- b) De ser o caso, autorización por escrito do titular de dereitos de uso e aproveitamento, administrador ou representante legal suficientemente acreditado, do predio que se ocupa.
- c) No caso de que a actividade non se realice en instalacións recoñecidas administrativamente como instalación turística ou xuvenil destinada ao aloxamento, copia do escrito dirixido á persoa titular da alcaldía do concello onde se sitúe o terreo onde se pretende desenvolver a actividade e comunicación da intención da realización desta e do lugar onde se vai pernoctar. Na copia deberá figurar o rexistro de entrada.
- d) Póliza dos seguros de responsabilidade civil e accidentes, así como o correspondente recibo de pagamento co fin de acreditar a súa vixencia.
- e) Asistencia médica prevista e especificación do centro de saúde ao que acudir en caso de necesidade.
- f) No caso de que a actividade non se realice en instalacións recoñecidas administrativamente como instalación turística ou xuvenil destinada ao aloxamento, plano gráfico ou bosquejo do lugar onde se vaia desenvolver a actividade e forma de acceso a el, coa indicación do municipio, parroquia e lugar, o máis detalladamente posible. No suposto de que o lugar onde se vai pernoctar estea próximo á costa, deberá indicarse, en metros lineares, a distancia aproximada ao límite interior da beiramar.

g) No caso de rutas ou marchas voantes, deberá indicarse, ademais, unha descrición do itinerario, instalacións e días en que se pernoctará.

h) Fins ou obxectivos da actividade. No caso de ser un campo de voluntariado, haberá que indicar ademais o programa de voluntariado, medios para a súa realización e horario.

3. A presentación da declaración responsable non exime do cumprimento da normativa sectorial vixente aplicable á actividade e, especialmente, da normativa en materia de incendios.

4. No caso de que a actividade se prevexa realizar dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos, Rede Natura, áreas protexidas de interese internacional, reservas da biosfera ou espazos naturais de interese local, deberase cumprir a normativa aplicable aos devanditos espazos.

TÍTULO IV

Instalacións xuvenís

CAPÍTULO I

Definición e tipoloxía

Artigo 49. *Definición*

Considéranse instalacións xuvenís as que, pertencendo á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás

administracións locais ou a entidades privadas, se atopan ao servizo da mocidade, e facilitan a convivencia, o aloxamento, a formación e a súa participación en actividades de educación no tempo libre.

Son instalacións que propician a mobilidade xuvenil e o desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, turísticas, formativas, de tempo libre ou simplemente recreativas, ofrecendo servizos de aloxamento e, no seu caso, manutención, en condicións especiais, fomentando estilos de vida saudables. Neles predomina a realización de actividades sociais e zonas comúns nas que se fomenta a interacción entre persoas, promovendo unha maior comprensión, tolerancia e novas formas de cooperación, especialmente entre a xuventude.

Artigo 50. *Características e fins*

1. Os fins das instalacións xuvenís son:

- a) Proporcionar aloxamento e, de ser o caso, manutención ás persoas que, individualmente ou en grupo, demanden os seus servizos.
- b) Por en valor o patrimonio natural e cultural galego entre a infancia e a mocidade.
- c) Conseguir un clima de ambiente convivencial, facilitador de accións socio-culturais, que leve a un intercambio de experiencias compartidas.
- d) Facilitarlles ás persoas novas a práctica de actividades de educación no tempo libre.

2. As instalación xuvenís deberán contar cunha programación anual de actividades que inflúan na mobilidade das mozas e mozos galegos e que responda ao proxecto educativo da instalación.

3. A tipoloxía da programación será educativa, cultural, deportiva, de emprendemento, de coñecemento do medio natural ou calquera outra relacionada cos ámbitos da educación no tempo libre.

4. As instalacións xuvenís galegas deberán de ser instalacións inmersas na contorna, polo que ofrecerán servizos directos relacionados coa veciñanza do lugar.

Artigo 51. *Albergues xuvenís*

Considérase albergue xuvenil toda instalación xuvenil de carácter fixo, permanente ou de temporada, que facilite aloxamento ás persoas usuarias, preferentemente mozas, de forma individual ou colectiva, en habitacións de todo tipo de capacidades, como lugar de paso nos seus desprazamentos ou como marco dunha actividade de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

Artigo 52. *Campamentos xuvenís*

Considérase campamento xuvenil toda instalación xuvenil na que se pernocta en tendas de campaña, caravanas ou calquera outro elemento facilmente transportable, e debidamente acondicionado para a realización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.

Artigo 53. *Granxas escola e aulas de natureza*

1. Son granxas escola as instalacións xuvenís que, cumprindo os requisitos esixidos para os albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes e adecuados para o traballo didáctico no tempo libre en técnicas agrarias e gandeiras.

2. Son aulas de natureza as instalacións xuvenís que, cumprindo os requisitos exixidos para os albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes e adecuados para o traballo didáctico no tempo libre no coñecemento do medio natural e na educación ambiental.

3. Non se consideran granxas escola ou aulas de natureza, para os efectos do presente decreto, as instalacións que non ofrecen aloxamento.

Artigo 54. *Residencias xuvenís*

1. Son residencias xuvenís as instalacións xuvenís que facilitan o aloxamento e a realización de actividades culturais e formativas aos mozos e mozas que, por razóns de estudo ou traballo, se vexan obrigados a permanecer fóra do seu domicilio familiar.

2. As residencias xuvenís poderán prestar servizos como albergues xuvenís de temporada.

Artigo 55. *Centros de xuventude integrados na Rede Galega de Centros de Xuventude*

1. Os centros de xuventude integrados na Rede Galega de Centros de Xuventude son instalacións xuvenís, de titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que lle ofrecen á xuventude unha información transversal e integral, coa denominación de Espazo Xove.

2. Os centros de xuventude integrados na Rede Galega de Centros de Xuventude regúlanse exclusivamente no título I deste decreto.

Artigo 56. Período de apertura

As instalacións xuvenís, segundo o seu período de apertura, poderán ser:

- a) De carácter permanente: son aquelas abertas todo o ano.
- b) De temporada: son aquelas abertas durante un máximo de 5 meses ao ano entre os meses de marzo e outubro.

Artigo 57. Persoas usuarias

1. As principais persoas usuarias das instalacións xuvenís son as persoas de idade non superior a 30 anos, como destinatarias das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil que regula este decreto.

2. As persoas cuxa idade sexa superior a 30 anos poderán utilizar as instalacións xuvenís nos seguintes casos:

- a) No caso dos albergues xuvenís, cando sexan persoas titulares do carné de alberguista nas súas diferentes modalidades.

b) En todas as instalacións xuvenís, cando as persoas usuarias sexan pais, nais, titoras, mestras, educadoras, monitoras ou semellantes, que participen conxuntamente cos mozos e mozas nas actividades educativas que se realicen ou leven a cabo tarefas organizativas ou de apoio.

c) En todas as instalacións xuvenís, e de xeito non habitual, cando haxa dispoñibilidade e quede garantida a función inherente destas instalacións.

CAPÍTULO II

Inicio de actividade e modificación substancial

Artigo 58. *Inicio de actividade das instalacións xuvenís*

1. A prestación de servizos nunha instalación xuvenil precisa da presentación, con carácter previo, dunha declaración responsable pola persoa, física ou xurídica, titular da instalación, conforme cumpre cos requirimentos técnicos descritos nos artigos seguintes.

A declaración responsable presentarase de conformidade co establecido nos artigos 2 e 4 deste regulamento.

2. Para os efectos deste decreto, enténdese por titular da instalación a persoa, física ou xurídica, propietaria ou titular dun dereito real que lle outorgue o uso lexítimo da instalación para os fins previstos nesta norma.

3. No momento de presentar a declaración responsable, a persoa titular deberá estar en posesión da seguinte documentación:

- a) Proxecto educativo da instalación, que identifique os seus obxectivos detallados, o seu ámbito de actuación, os seus fins educativos, as metodoloxías ou programas que se empregarán para acadar eses fins e calquera outra información que xustifique o carácter educativo da instalación.
- b) Memoria descritiva da instalación, na que consten as características e prazas e onde se especifique o período de funcionamento ao longo do ano naqueles supostos de instalacións de temporada, así como a indicación de que cumpre coa normativa de accesibilidade vixente.
- c) Documentación que acredite que cumpre os requisitos sanitarios sobre a potabilidade da auga destinada a consumo humano, o estado sanitario xeral dos equipamentos, o sistema de evacuación de augas residuais, cando non sexa a través da rede municipal de sumidoiros, a eliminación de residuos, as condicións hixiénico-sanitarias dos servizos hixiénicos e o cumprimento da regulamentación aplicable sobre comedores colectivos.
- d) Boletín eléctrico entregado por un instalador autorizado e selado pola consellería competente en materia de economía e industria.
- e) Contrato de subministración ou certificación expedido polo órgano competente de adecuación da instalación de gas á normativa aplicable, no suposto de existir a devandita subministración.

f) Documentación acreditativa da personalidade da persoa titular da instalación e, no suposto de persoas xurídicas, a documentación que acredite que a persoa que asinou a declaración responsable é a súa representante legal.

g) Documentación acreditativa da dispoñibilidade do inmovible para o uso da instalación xuvenil, ben como propietario/a, ben en virtude de título que o/a habilite para a explotación da instalación como contrato de cesión, arrendamento ou calquera outro documento que xustifique o uso por parte da persoa ou entidade interesada.

4. A persoa titular dunha granxa escola, ademais da documentación xeral esixida no apartado anterior, deberá acreditar o cumprimento dos requisitos da normativa sobre sanidade animal e os extremos recollidos no artigo 75.

5. A persoa titular dunha aula da natureza, ademais da documentación xeral esixida no apartado terceiro deste artigo, deberá acreditar os seguintes extremos:

a) A existencia dun equipamento suficiente e adecuado.

b) A disposición de recursos didácticos necesarios para exercer a súa función.

Artigo 59. Modificación substancial das instalacións xuvenís

1. Para os efectos deste decreto, enténdese por modificación substancial dunha instalación xuvenil, aquela que poida afectar

á estrutura, volume, distribución, número de prazas ou aos servizos que presta a instalación.

2. Toda modificación substancial require a comunicación dunha declaración responsable, que se presentará de acordo co establecido nos artigos 2 e 4 deste regulamento.

3. Cando se produza unha modificación substancial, a persoa titular da instalación xuvenil, no momento de presentar a declaración responsable, deberá dispor da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa da modificación que pretende realizar.

b) Proxecto técnico da obra, con planos a escala que reflictan o estado da instalación.

Artigo 60. *Distintivo identificativo*

1. Todas as instalacións xuvenís, unha vez que se presente a declaración responsable e se inicie a súa actividade, deberán exhibir de forma visible, no exterior do edificio e a carón da porta principal de acceso, un distintivo identificativo.

2. O distintivo identificativo adecuarase ao modelo que para cada tipo de instalación xuvenil estableza o órgano de dirección competente en materia de xuventude. As placas identificativas serán de metal ou outro material resistente e inalterable. No caso dos albergues pertencentes á Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ), o distintivo identificativo adecuarase ao modelo establecido por esta.

CAPÍTULO III

Requirimentos das instalacións xuvenís

Sección 1ª. Requirimentos xerais

Artigo 61. Persoal das instalacións xuvenís

Á fronte de cada instalación xuvenil haberá un/ha director/a, cuxas funcións serán:

- a) Cumprir e facer cumprir as normas de carácter legal e regulamentario que regulen o funcionamento da instalación, así como o regulamento de réxime interior.
- b) Velar polo bo funcionamento dos equipamentos e servizos da instalación.
- c) Facilitar, na medida das posibilidades de cada instalación, a realización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- d) A administración da instalación e a xestión do persoal.
- e) Coidar que se cumpran os horarios establecidos.

Artigo 62. Condicións técnicas comúns para as instalacións xuvenís

1. As instalacións xuvenís estarán suxeitas ao cumprimento das condicións técnicas recollidas neste regulamento, sen prexuízo das que se poidan establecer pola normativa sectorial aplicable.

2. En todo caso, as instalacións xuvenís deberán ter realizado a pertinente comunicación previa de actividade ao concello onde estea localizada.

3. A accesibilidade das instalacións xuvenís deberá respectar o establecido na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e a súa normativa de desenvolvemento. En todo caso, as instalacións deberán dispor dunha zona específica para as persoas con problemas de mobilidade na planta baixa.

4. As instalacións xuvenís que contén con planta baixa máis tres plantas, deberán instalar ascensor.

5. As instalacións xuvenís deberán estar convenientemente sinalizadas co fin de facilitar o acceso, polo que nos carteis indicadores deberán constar, cando menos, o tipo e o nome da instalación xuvenil, o seu logotipo conforme cos modelos que estableza o órgano de dirección competente en materia de xuventude, e a distancia aproximada ata ela.

6. Os contedores de residuos das instalacións xuvenís, ata o momento da súa recollida, situaranse en dependencias destinadas exclusivamente ao dito fin, e deberán estar separados daquelas dependencias onde estean os alimentos e os aloxamentos, no caso das instalacións que prestan servizos deste tipo.

Ademais, no caso de non dispor dun servizo público de recollida de lixo, a instalación xuvenil deberá articular, cando menos

dous días á semana, os medios adecuados para o seu transporte ata os puntos de recollida máis próximos.

7. As instalacións xuvenís deberán instalar sistemas de extinción de incendios, tales como extintores, de acordo co previsto na normativa en materia de edificación.

8. Disporase dunha caixa de primeiros auxilios, baixo a responsabilidade da persoa titular da instalación, que deberá ser acorde coa tipoloxía de actividade que se realice, número de participantes, idades e necesidades especiais, segundo o que estableza a normativa vixente para poder atender os casos ou accidentes máis frecuentes. Adoptaranse as medidas oportunas para que os medicamentos da caixa de primeiros auxilios permanezan fóra do alcance de nenos/as e mozos/as.

9. Todas as instalacións xuvenís contarán cun plan de emerxencia que conterá polo menos o establecemento de protocolos de actuación para situacións de emerxencia e un plano xeral da instalación no que se indicarán as saídas de emerxencia, a sinalización dos sistemas de protección de incendios, a localización da caixa de primeiros auxilios, o lugar onde se imparta asistencia médica, no seu caso, así como a situación dos servizos xerais da instalación.

10. As instalacións xuvenís deberán dispor dun sistema de comunicación co exterior, ben sexa vía telefónica, radiocomunicación ou vía satélite.

11. As instalacións xuvenís deberán dispor de enerxía eléctrica garantida, con puntos de luz e tomas de corrente.

Artigo 63. *Subministración de auga*

1. As instalacións reguladas neste capítulo deberán asegurar unha subministración de auga potable, quente e fría, durante as 24 horas do día, non inferior a 100 litros por persoa e día.

2. Aquelas instalacións que non estean conectadas á rede pública de abastecemento de auga deberán estar dotadas de depósito de almacenamento de auga para o consumo humano con capacidade mínima para 36 horas de abastecemento. Os depósitos serán accesibles unicamente ao persoal de mantemento da instalación co obxecto de efectuar os labores de limpeza e de desinfección periódicos que sexan necesarios.

Nos depósitos de almacenamento deberá garantirse a constante circulación da auga e a súa correcta desinfección.

3. Co obxecto de comprobar que a auga está desinfectada e ten poder desinfectante deberá determinarse diariamente a cantidade de cloro residual libre presente na auga e anotarse nos impresos que facilitarán as xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade.

4. No caso de que a subministración de auga non proveña dunha rede de abastecemento público, será necesario dispor dun sistema de desinfección con aparello de cloración automático que deberá estar en todo momento en perfectas condicións de funcionamento.

A cloración realizarase sempre á entrada no depósito, nunca á saída, co obxecto de garantir que o contacto da auga co desinfectante, antes do seu consumo, sexa como mínimo de 30 minutos.

Artigo 64. *Seguro de responsabilidade civil*

1. As persoas titulares das instalacións xuvenís deberán ter contratado e en permanente vixencia un seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos persoais ou materiais causados involuntariamente a terceiros, derivados do desenvolvemento da súa actividade. Os límites mínimos serán de 300.000 euros por vítima e 1.200.000 euros por sinistro.

2. A póliza e o correspondente recibo de pagamento deberán estar á disposición dos órganos competentes en materia de xuventude co fin de acreditar a súa vixencia permanente.

Artigo 65. *Reglamento de réxime interior, partes de entrada, libro-rexistro e follas de reclamacións*

1. A instalación deberá elaborar un regulamento de réxime interior que regule o seu funcionamento. Nel constarán todos os aspectos relativos ao funcionamento da instalación non recollidos neste decreto, así como aqueles outros que afecten aos dereitos e deberes das persoas usuarias. En ningún caso, o regulamento de réxime interior poderá regular cuestións que afecten ao dereito de igualdade das persoas usuarias, provocando discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Todas as instalacións xuvenís deberán contar cun libro-rexistro onde figuren os partes de entrada das persoas usuarias da instalación.

Este libro-rexistro estará a disposición das Forzas e Corpos de Seguridade con competencia na materia e os partes de entrada axustaranse ao modelo establecido no anexo da Orde INT/1922/2003, do 3 de xullo, sobre libros-rexistro e partes de entrada de viaxeiros en establecementos de hostalería e outros análogos. En todo caso, os partes de entrada deberán ser asinados pola persoa usuaria da instalación, e constituirán o libro-rexistro.

Estes rexistros conservaranse por un prazo de 3 anos, contados dende a data da última entrega das follas de rexistro que os integran.

3. Igualmente, as instalacións xuvenís deberán ter a disposición das persoas usuarias follas de reclamacións, que lle serán facilitadas ao titular de cada instalación xuvenil pola xefatura territorial da consellería competente en materia de xuventude, e deberán exhibir ao público de xeito permanente un cartel anunciador da existencia das ditas follas de reclamación.

4. Todos os datos de carácter persoal que traten as instalacións xuvenís deberán cumprir co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

Artigo 66. Equipamentos comúns e distribución

1. Todas as instalacións xuvenís deberán dispor dos seguintes equipamentos:

a) Bloques de servizos sanitarios, dotados de inodoros, lavabos e duchas.

b) Sala de actividades, destinada ás actividades propias das persoas usuarias da instalación.

c) Equipamento para lavar e tender a roupa.

2. Ademais, todas as instalacións xuvenís poderán dispor de:

d) Comedor.

e) Cociña ou instalación para quecer alimentos, salvo que a instalación preste o servizo de manutención a través dunha entidade externa.

3. Todas estas dependencias estarán situadas en cuartos diferentes e non poderán ter usos polivalentes.

4. No suposto dos campamentos xuvenís, as salas destinadas a actividades poderán ser instalacións de tipo provisional.

5. Os bloques sanitarios non poderán ser lugar de paso habitual cara a outras dependencias.

Artigo 67. Servizos sanitarios

1. As instalacións xuvenís reguladas neste capítulo disporán de bloques de servizos sanitarios que deberán manterse limpos e nas

necesarias condicións hixiénicas. Para estes efectos, deberán estar visibles as follas de control no que conste a data da última vez que se limparon así como a persoa encargada de facelo, que como mínimo será diaria.

2. Estes bloques sanitarios deberán ter unha ventilación suficiente, directa ou asistida, con renovación do aire. As paredes, chans e teitos estarán revestidos de materiais de fácil limpeza.

3. Os chans serán de material antiescorregadizo. Deberán contar como mínimo con:

a) Un inodoro por cada 8 persoas ou fracción, cun polo menos por cada sexo.

b) Un lavabo por cada 8 persoas ou fracción.

c) Unha ducha por cada 8 persoas ou fracción, con biombos.

4. Os bloques sanitarios deberán ter un número adecuado de espellos e estantes ou perchas que permitan a disposición adecuada dos efectos persoais, e deberá haber tamén andeis para poder dispor dos efectos persoais de xeito totalmente hixiénico.

5. No caso de que os bloques sanitarios dispoñan de duchas de tipo colectivo, existirá como mínimo unha para cada sexo, e en cada bloque sanitario haberá como mínimo unha ducha de tipo individual. Ademais, existirá unha separación de chan a teito entre a zona dos inodoros e as duchas e pode existir comunicación entre ambas as zonas a través dunha porta con peche.

As portas de acceso aos bloques sanitarios estarán dotadas dun sistema que permita o peche por elas mesmas ou sistema que impida a visión ao seu interior.

Artigo 68. *Sala de actividades*

1. Toda instalación xuvenil disporá dunha ou máis dependencias destinadas ás actividades propias das persoas usuarias da instalación.

A superficie mínima da sala de actividades será de 30 metros cadrados e non poderá utilizarse simultaneamente por un número de persoas usuarias que supere a ratio de una persoa por metro cadrado de superficie útil.

Cando o espazo destinado a esta sala de actividades estea comprendido en varias dependencias, cada unha destas deberá ter garantida a correspondente ventilación e a superficie de cada dependencia non poderá ser inferior aos 16 metros cadrados.

2. Nesta superficie non se poderá computar a correspondente a aqueles cuartos destinados a gardar os efectos persoais de máis volume e o material de actividades, no caso de que existan.

Artigo 69. *Equipamento para lavar e tender a roupa*

1. As instalacións xuvenís deberán dispor do equipamento necesario para poder lavar, a man nun lavadoiro ou con máquinas de lavado, e un espazo para tender a roupa ou colocar máquinas de secado.

2. En caso de dispor de lavadoiros para o uso das persoas usuarias da instalación, estes deberán ser de tipo individual, facilmente desinfectables e en número non inferior a un para cada 20 usuarios/as.

Artigo 70. *Comedor e cociña*

1. Todas as instalacións xuvenís que presten servizos de comedor deberán dispor dun espazo destinado a que as persoas usuarias almorcen, xanten e ceen.

2. Neste caso, a superficie mínima do comedor será de 15 metros cadrados, non podendo utilizarse simultaneamente por un número de persoas usuarias que supere a ratio de 1 persoa por metro cadrado de superficie útil.

3. Se a instalación ofrece a manutención, esta terá lugar dentro do horario sinalado pola dirección da instalación que, en todo caso, comprenderá un período mínimo de unha hora e media para o xantar e a cea.

4. Os establecementos que oferten servizo de comedor poderán prestalo contando con cociña propia ou a través dun servizo externo.

5. No caso de que a instalación xuvenil conte con cociña, debe estar dotada de elementos necesarios para a conservación e o tratamento de alimentos en proporción á capacidade máxima do aloxamento.

Ademais disporá de ventilación ao exterior directa ou asistida e tamén de aparellos para a renovación do aire e a extracción de fumes.

Os chans e as paredes estarán revestidos de materiais non porosos e de fácil limpeza.

Artigo 71. Espazos complementarios

1. Todo campamento e albergue xuvenil disporá preferentemente dun espazo de terreo proporcional á súa capacidade e convenientemente delimitado, para a realización de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil ao aire libre, tales como xogos, veladas, deportes e similares.

2. Se a instalación xuvenil dispón de piscina, deberá cumprir as condicións propias das piscinas de uso colectivo, excepto a obriga de dispor de vestiarios.

Sección 2ª. Requirimentos específicos

Artigo 72. Condicións técnicas comúns para os albergues e as residencias xuvenís

1. Ademais das condicións técnicas xerais, os albergues e residencias xuvenís disporán dos seguintes equipamentos:

a) Calefacción que garanta unha temperatura ambiental mínima de 19º C. Este último requisito non será esixible para aquelas instalacións que presten servizos de temporada.

- b) Dormitorios, que deberán cumprir o establecido no artigo seguinte.
- c) Unha zona de recepción das persoas usuarias, con atención telefónica. Para estes efectos, disporán dun número de teléfono de contacto, que non implique cargos adicionais ao custo de tarifa. No caso das residencias, a atención presencial será dun mínimo de 8 horas e a telefónica de 24 horas.
- d) Armarios ou compartimentos suficientes para a equipaxe de cada persoa usuaria, así como espazo para depositar o calzado.
- e) Limpeza semanal das instalacións no caso dos albergues e diaria no caso das residencias.
- f) Servizo de acceso a internet vía wifi en zonas comúns, salvo que tecnicamente non sexa posible.
- g) Unha sala polivalente destinada ao descanso e convivencia das persoas usuarias. Esta sala terá unha superficie mínima de 15 metros cadrados e non poderá utilizarse simultaneamente por un número de persoas usuarias que supere a ratio de 1 persoa por metro cadrado de superficie útil. Estará dotada de mobiliario suficiente e adecuado para o seu fin.

Esta sala poderá ser usada como comedor dentro do horario das comidas. As instalacións que non dispoñan de cociña para uso propio das persoas usuarias deberán contar na sala polivalente cun frigorífico, un microondas e un vertedoiro por cada 50 prazas ou fraccións.

Artigo 73. *Dormitorios*

1. Os dormitorios non poderán estar, en ningún caso, situados en subterráneos.

2. Disporán de iluminación natural e de ventilación directa do exterior que garanta a perfecta renovación do aire mediante elementos aperturables.

A superficie mínima dos ocos de iluminación e ventilación será do 10% da superficie do dormitorio cun mínimo de 1,20 metros cadrados en dormitorios cunha profundidade máxima de 7,5 metros. No caso de dormitorios cunha profundidade superior, a superficie dos ocos será como mínimo de 1/6 da superficie do dormitorio.

3. A distribución das camas e das liteiras de cada dormitorio deberá permitir sempre a total apertura das portas e das fiestras.

4. As fiestras disporán de calquera sistema eficaz que garanta a escuridade do dormitorio durante as horas de descanso.

5. Cada usuario disporá dun espazo individual para durmir e ordenar os seus efectos persoais.

6. No caso de que a instalación dispoña dun cuarto específico para gardar os efectos persoais de máis volume, os dormitorios disporán igualmente dun sistema complementario para deixar e gardar nel os elementos de uso máis frecuente.

7. Non poderá haber ningún dormitorio cunha superficie útil mínima inferior a 5 metros cadrados. A cubicaxe por usuario non será inferior a 5 metros cúbicos e o mínimo espazo de chan que debe reservarse a unha cama será de 3 metros cadrados de superficie útil. O espazo reservado para unha liteira será tamén de 3 metros cadrados de superficie útil.

Enténdese por superficie útil dun cuarto a do espazo que corresponde a alturas non inferiores a 1,90 m.

8. A altura do teito dos dormitorios sobre o chan da superficie útil terá, como mínimo, un valor medio de 2,25 m, en edificios preexistentes, e de 2,50 m en edificios de nova construción; esta altura medirase dende o chan ata, se se dá o caso, a parte máis baixa das trabes.

9. Para alturas de dormitorios entre 2,25 m e 2,50 m unicamente se aceptará a colocación de camas. Para alturas iguais ou superiores a 2,50 m aceptaranse liteiras.

10. No caso de dormitorios con teitos inclinados ou situados en baixo cuberta, aceptarase a colocación de camas nas alturas comprendidas entre 1,90 m e 2,50 m, sempre que a altura media do dormitorio acade como mínimo os valores establecidos no apartado 9 deste artigo e se cumpran as determinacións mínimas relativas á cubicaxe por usuario e á superficie por cama ou liteira.

11. As camas ou liteiras estarán dotadas, como mínimo, de colchón coa súa correspondente lenzaría, almofada e un número suficiente de mantas ou edredón que deberán encontrarse en todo momento en perfectas condicións hixiénicas. As dimensións mínimas das camas ou liteiras será de 1,9 metros de longo por

0,8 metros de ancho. A distancia entre os laterais lonxitudinais das camas ou liteiras non poderá ser inferior a 0,75 metros.

12. No caso de liteiras tomaranse as medidas oportunas para evitar accidentes por caídas dende os somieres superiores.

13. Os dormitorios non se poderán utilizar para almacenar o material do que dispón o grupo para a realización das súas actividades.

14. Os dormitorios non poderán ser lugar de paso habitual cara a outras dependencias.

Artigo 74. Condicións técnicas específicas para os campamentos xuvenís

1. Os campamentos xuvenís deberán dispor dunha enfermería, na que se deberán cumprir as seguintes ratios:

- a) ata 25 prazas: unha cama;
- b) entre 26 e 50 prazas: dúas camas;
- c) a partir de 51 prazas: unha cama a maiores por cada 50 prazas.

2. A enfermería deberá dispor dun lavabo, dun inodoro e dunha ducha independentes do resto de servizos hixiénicos do campamento xuvenil.

3. En ningún caso, o número de prazas da enfermería se incluírá no total de prazas da instalación.

4. A enfermería non poderá ser lugar de paso habitual cara a outras dependencias.

Artigo 75. Condicións técnicas específicas para as granxas escola

As granxas escola, sen prexuízo da normativa sectorial que lles poida ser de aplicación, deberán garantir os seguintes aspectos:

- a) Unha suficiente separación entre o lugar destinado ás cuadras dos animais e o lugar de residencia dos usuarios e usuarias, co fin de evitar os olores excesivos e a proximidade de insectos.
- b) A suficiente limpeza e as condicións hixiénicas e sanitarias dos animais da granxa.
- c) O peche do recinto dos animais e das cuadras co fin de evitar que as persoas usuarias poidan entrar de forma indiscriminada.
- d) O uso dun vestiario específico por parte das persoas usuarias e o persoal da instalación, para utilizar cando estean no recinto dos animais ou cuadra.
- e) No caso de que a instalación dispoña de salas ou recintos para a transformación dos produtos da granxa, deberán cumprir a normativa técnico-sanitaria que lle sexa de aplicación.
- f) Dispor dos recursos didácticos necesarios para a súa función.

Artigo 76. Condicións técnicas específicas para as residencias xuvenís

As residencias xuvenís disporán especificamente dos seguintes equipamentos:

- a) Unha mesa de estudo e unha cadeira por praza de dormitorio, así como de andeis que permitan a colocación dos libros.
- b) Sala de estudos e biblioteca. A sala de estudos e a biblioteca non poderán ser lugar de paso habitual cara a outras dependencias.

CAPÍTULO IV

Dereitos e deberes das persoas usuarias das instalacións xuvenís

Artigo 77. Responsable dun grupo das persoas usuarias da instalación

Os grupos de persoas usuarias deberán designar de entre os seus compoñentes un/unha responsable que teña a súa representación ante a dirección da instalación xuvenil.

Artigo 78. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias das instalacións xuvenís terán os seguintes dereitos:

- a) Acceso á información contida na documentación relacionada no artigo seguinte.
- b) Un adecuado uso e desfrute de cantos equipamentos e dependencias posúan as instalacións xuvenís, así como recibir os servizos requiridos como contraprestación dos prezos satisfeitos.
- c) Formular ante a dirección da instalación xuvenil cantas iniciativas, suxestións e reclamacións crean oportunas.
- d) Ser respectados na súa liberdade, dignidade e integridade.

Artigo 79. Deberes das persoas usuarias

Serán deberes das persoas usuarias das instalacións xuvenís:

- a) Respetar o regulamento de réxime interior que regule o funcionamento de cada instalación xuvenil.
- b) Aboar os prezos fixados na lista de prezos do ano en curso, conforme os servizos solicitados.
- c) Coidar as instalacións, mobiliario, material e o contorno natural do lugar de emprazamento da instalación xuvenil.
- d) Contribuír coa súa conduta a crear un clima de tolerancia e respecto mutuo entre todas as persoas usuarias.

Artigo 80. Restricións ao dereito de uso

As persoas titulares das instalacións xuvenís reguladas neste título poderán amoestar ou rescindir o contrato e expulsar das instalacións as persoas, familias ou grupos que incumpran o regulamento de réxime interior e as normas lóxicas de convivencia.

Artigo 81. Documentación a disposición dos usuarios e usuarias

As instalacións xuvenís reguladas neste título deben ter a disposición das persoas usuarias da instalación e de calquera autoridade debidamente acreditada a seguinte documentación:

- a) Certificado, correspondente ao ano en curso, da potabilidade da auga destinada a consumo, expedido pola delegación correspondente da consellería competente en materia de sanidade, no caso de que a auga non proceda da rede de abastecemento público.
- b) Informe que acredite as correctas condicións hixiénico-sanitarias da instalación, emitido pola consellería competente en materia de sanidade.
- c) Lista de prezos do ano en curso, co detalle dos diversos conceptos e servizos ofertados, selada pola xefatura territorial da consellería competente en materia de xuventude.
- d) Regulamento de réxime interior.
- e) Follas de reclamacións.

CAPÍTULO V

Rede de Albergues Xuvenís de Galicia (RAXG)

Artigo 82. *Rede de Albergues Xuvenís de Galicia*

1. A Rede de Albergues Xuvenís de Galicia estará constituída por todos os albergues xuvenís situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de titularidade da Xunta de Galicia ou de calquera outra administración pública. Así mesmo, formarán parte dela os albergues de titularidade de persoas físicas ou xurídicas privadas que estean inscritos no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

2. A Rede de Albergues Xuvenís de Galicia terá como finalidades as seguintes:

- a) Promover a mobilidade e o intercambio entre a xuventude galega, nacional e internacional.
- b) Ofrecerlles aos mozos e mozas unha programación activa anual de carácter cultural, deportiva ou educativa que fará dos albergues centros dinámicos e activos.
- c) Estar integrados no medio polo que ofrecerán actividades de calquera tipo nas localidades onde estean situados.

3. Para favorecer a ocupación dos albergues xuvenís integrados na Rede de Albergues Xuvenís de Galicia poderanse crear centrais de reservas ao abeiro do artigo 82 da Lei 7/2011, do 27 outubro, de Turismo de Galicia.

4. A integración na Rede de Albergues Xuvenís de Galicia é requisito imprescindible para a integración na Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ) e o seu conseguinte recoñecemento pola Federación Internacional de Albergues Xuvenís (International Youth Hostel Federation, IYHF), na Federación Europea de Albergues de Xuventude (EUFED) ou en calquera outra organización interrexional ou internacional de similares características.

5. Os albergues pertencentes á Rede de Albergues Xuvenís de Galicia que queiran formar parte da Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ) deberán manifestalo expresamente na declaración responsable de inicio de actividade ou mediante comunicación posterior ao órgano de dirección competente en materia de xuventude.

Os albergues pertencentes á REAJ deberán cumprir coas directrices marcadas tanto pola REAJ como por Hostelling International.

TÍTULO V

Dos carnés de servizos á xuventude

CAPÍTULO I

Do Carné xove

Artigo 83. *Definición, obxecto e características*

1. De conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, o Carné xove configúranse como un servizo á xuventude

para favorecer o seu acceso a bens e servizos de carácter cultural, deportivo, recreativo, de consumo, de transporte e outros de análoga natureza, que ofrecen, en condicións vantaxosas para os/as titulares do carné, as entidades colaboradoras e os establecementos adheridos ao programa do Carné xove.

2. O Carné xove forma parte do programa European Youth Card (Carné xove europeo), da European Youth Card Association (EYCA, asociación do carné xove europeo) marca común internacional baixo a que se emite o carné nos países membros, que constitúe unha iniciativa a nivel europeo nacida do Protocolo de Lisboa do 1 de xuño de 1987.

3. O Carné xove formalízase como unha tarxeta persoal e intransferible que acredita a persoa titular como beneficiaria dos servizos que leva aparelados.

4. Os servizos, descontos e vantaxes asociados ao Carné xove serán publicados na páxina web do órgano de dirección competente en materia de xuventude.

Artigo 84. *Persoas usuarias, emisión e activación*

1. Poden ser usuarios/as do Carné xove as persoas novas con idades comprendidas entre 12 e os 30 anos, ambos os dous incluídos. Este rango de idade poderá ser modificado polo órgano de dirección competente en materia de xuventude, en función dos acordos e normas nacionais e internacionais aplicables ao programa.

2. O Carné xove será emitido e enviado de oficio polo órgano de dirección competente en materia de xuventude para as persoas domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia. Para que o carné remitido de oficio teña plena validez e vixencia, será necesario activalo conforme o sinalado no artigo 85.

Tamén se poderá solicitar a emisión do Carné xove mediante a presentación do formulario normalizado de solicitude dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben de maneira presencial nos centros expendedores regulados no artigo 86, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 85. *Activación do Carné xove*

1. A activación do Carné xove recibido de oficio realizarase mediante a incorporación dos datos da persoa titular á aplicación de xestión do Carné xove por parte do órgano de dirección competente en materia de xuventude e coa asignación ao carné do número EYCA, identificativo deste ante a asociación do carné xove europeo.

2. A activación debe ser solicitada pola persoa titular, preferentemente de forma presencial, acudindo a un dos puntos de activación regulados no artigo 86, ou de forma electrónica, a través dos canais que se dispoñan por parte do órgano de dirección competente en materia de xuventude.

3. No caso de carnés emitidos por solicitude previa da persoa interesada, o carné será emitido e entregado á persoa solicitante plenamente activado, sen necesidade, polo tanto, do

trámite de activación previsto para os carnés remitidos de oficio.

Artigo 86. Centros expendedores e de activación

1. Poderán ser centros expendedores e puntos de activación do Carné xove as entidades integradas na Rede Galega de Información Xuvenil e as entidades autorizadas para este fin polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.

2. Na páxina web do órgano de dirección con competencias en materia de xuventude publicarase a relación de centros expendedores e de activación do Carné xove.

Artigo 87. Vixencia

O Carné xove terá vixencia desde a súa activación ata que a persoa titular cumpra os 31 anos. O período de vixencia poderá ser modificado polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.

Artigo 88. Ámbito territorial

1. O Carné xove terá validez na Comunidade Autónoma de Galicia e nas demais comunidades autónomas e noutros países, de conformidade co disposto nas normas e acordos nacionais e internacionais relativos ao programa do Carné xove que resulten de aplicación.

2. Así mesmo, con base nestas normas e acordos e atendendo ao principio de reciprocidade, na Comunidade Autónoma de Galicia recoñeceranse ás persoas usuarias dos carnés xoves expedidos por

outras comunidades autónomas e países, iguais dereitos que aos usuarios e usuarias dos carnés expedidos en Galicia.

Artigo 89. *Establecementos adheridos*

1. Terán a condición de establecementos adheridos ao Carné xove, na súa condición de prestadoras de servizos ou subministradoras de bens, aquelas persoas físicas ou xurídicas que o soliciten e subscriban un compromiso de adhesión co órgano de dirección competente en materia de xuventude.

2. Mediante este acordo comprométense a conceder descontos ou outras vantaxes nos seus produtos e servizos aos titulares do Carné xove. Estes beneficios serán aplicables tamén aos usuarios e usuarias de carnés emitidos por outras comunidades autónomas e países en virtude das normas e acordos nacionais e internacionais relativos ao programa do Carné xove aplicables.

3. O órgano de dirección competente en materia de xuventude poderá non aceptar aquelas solicitudes ou ofertas que, polo seu contido ou características, non se axusten á finalidade do Carné xove.

4. O compromiso de adhesión, unha vez asinado, permanecerá vixente mentres o establecemento adherido non solicite a rescisión do acordo. Tamén deberá comunicar calquera cambio que altere a natureza do compromiso, por cese da actividade ou por cambio de titularidade. A solicitude de rescisión do acordo e os cambios na natureza do compromiso deberán comunicarse ao órgano de dirección competente en materia de xuventude cunha antelación que será determinada por este. Tamén se deberán comunicar os cambios no contido dos descontos ou vantaxes ofertados. Estes

cambios poderán non ser aceptados cando non se axusten as condicións do programa.

5. O órgano de dirección competente en materia de xuventude poderá rescindir o acordo no caso de incumprimento dos compromisos asumidos polo establecemento adherido. Poderá, así mesmo, establecer un período limitado de vixencia para o compromiso de adhesión.

6. Os establecementos adheridos disporán dun distintivo acreditativo da súa condición que será proporcionado polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.

Artigo 90. *Entidades colaboradoras*

Terán a condición de entidades colaboradoras do Carné xove aquelas que subscriban o oportuno convenio co órgano de dirección da consellería competente en materia de xuventude, coa finalidade de apoiar o desenvolvemento, promoción e difusión do programa do Carné xove.

CAPÍTULO II

Outros carnés de servizos á xuventude

Artigo 91. *Outros carnés*

A Xunta de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, a través do órgano de dirección competente en materia de xuventude, poderá xestionar outros carnés de servizos á xuventude mediante os cales a xente nova

poderá acceder a aqueles servizos e beneficios que se determinen en función das normas e acordos nacionais e internacionais aos que se sume a Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional única. Títulos de monitor/a e de director/a obtidos antes da entrada en vigor deste decreto

Os títulos expedidos con data anterior á entrada en vigor deste decreto con base no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, ou na normativa anterior, son equivalentes ás titulacións reguladas neste decreto para os efectos de poder traballar nas actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria primeira. Adaptación das escolas de educación no tempo libre

As escolas de educación no tempo libre rexistradas en virtude da normativa anterior, que quixeren continuar coa súa actividade, deberán adecuar o seu proxecto, sistema educativo, medios materiais e organigrama ás previsións do presente decreto no termo dun ano contado dende a súa entrada en vigor. Se, unha vez transcorrido un ano, o órgano competente en materia de xuventude comproba que non se cumpren os requisitos establecidos neste decreto, poderá iniciar un expediente para a súa baixa na sección de escolas de educación no tempo libre do Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia.

Disposición transitoria segunda. Adaptación das instalacións xuvenís

As instalacións xuvenís que estean rexistradas no momento de entrada en vigor deste decreto continuarán a rexerse polo Decreto 50/2000 no relativo ás condicións técnicas da instalación, sendo aplicable o presente decreto en todos os demais aspectos. Porén, se se levara a cabo unha modificación substancial da instalación que obrigue á presentación dunha declaración responsable pasarán a rexerse totalmente pola nova normativa.

Disposición transitoria terceira. Cursos e actividades de educación no tempo libre iniciados antes da entrada en vigor deste decreto

Os cursos e actividades de educación no tempo libre iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto continuarán a rexerse pola normativa vixente na data de inicio do curso ou da actividade ata a súa finalización.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan a este decreto, e en particular as seguintes:

- a) Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, excepto no que se refire ao censo de entidades xuvenís, que permanecerá vixente ata que non se desenvolva regulamentariamente o Rexistro de Entidades Xuvenís recollido na Lei 6/2012, do 19 de xuño, e en canto non se opoña á devandita lei.

- b) Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

O presente decreto dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira primeira da Lei 6/2012, do 19 de xuño.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.